

**PLAN DE DESENVOLVIMENTO
RURAL DO GDR
“COSTA DA MORTE”
LEADER GALICIA 2007-2013**



INDICE

PARTE I: IDENTIFICACIÓN DO GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DO GDR.
 - 1.1.DENOMINACIÓN E CIF.
 - 1.2.DOMICILIO SOCIAL. TELÉFONO, FAX, CORREO ELECTRÓNICO.
 - 1.3.COPIA COTEXADA DO DNI DO REPRESENTANTE LEGAL E DA DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA SÚA REPRESENTACIÓN.
2. PERSONALIDADE XURIDICA.
 - 2.1.COPIA COTEXADA DA ACTA CONSTITUINTE.
 - 2.2.COPIA COTEXADA DOS ESTATUTOS.
 - 2.3.INSERCIÓN NO REXISTRO DE ASOCIACIÓNS DEPENDENTE DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA.
 - 2.4.RELACIÓN DE ASOCIADOS.
 - 2.5.COMPOSICIÓN ACTUAL DO ÓRGANO DECISORIO.
 - 2.6.RELACIÓN DE ENTIDADES ÁS QUE SE LLE DENEGOU A INTEGRACIÓN OU ESTÁN PENDENTES DE ACEPTACIÓN.
 - 2.7.INFORME SOBRE O GRAO DE PARTICIPACIÓN SOCIAL NA ELABORACIÓN DO PROGRAMA.
 - 2.8.DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSA A ASOCIACIÓN NAS CIRCUNSTANCIAS DO ARTIGO 10 DA LEI 9/2007.
 - 2.9.COMPROMISO DE UTILIZACIÓN DA LÍNGUA GALEGA CONFORME Ó ARTIGO 20.2.1 DA LEI 9/2007.
3. DESCRIPCIÓN DO EQUIPO TÉCNICO E HUMANO ADSCRITO Á XESTIÓN DO PROGRAMA.
 - 3.1.PERSOAL ADSCRITO A XESTIÓN DO PROGRAMA: ORGANIGRAMA; PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DO EQUIPO XESTOR.
 - 3.2.MEDIOS TÉCNICOS: LOCAL, MEDIOS INFORMÁTICOS.

PARTE II: TERRITORIO

1. TERRITORIO DE ACTUACIÓN.

PARTE III: ESTRATEXIA PARA O PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

1. ANÁLISE E DIAGNÓSTICO.

- 1.1.DELIMITACIÓN TERRITORIAL E MEDIO NATURAL.
 - 1.1.1 Situación xeográfica.
 - 1.1.2 Análise do medio natural.
- 1.2.ANÁLISE SOCIODEMOGRÁFICA.
 - 1.2.1. Volume e distribución espacial da poboación.
 - 1.2.2. Evolución da poboación.
 - 1.2.3. Estrutura demográfica.
 - 1.2.4. Nivel de instrución.
 - 1.2.5. Indicadores de calidade de vida.
 - 1.2.6.Tecido asociativo.
 - 1.2.7.Elemento culturais propios do territorio.
- 1.3.MERCADO DE TRABALLO.
- 1.4.ANÁLISE SECTORIAL.
2. DETERMINACIÓN DE ESTRANGULAMENTOS E POTENCIALIDADES.
3. OBXECTIVOS.
4. LIÑAS DE ACTUACIÓN.
 - 4.1.DINAMIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL.
 - 4.2.MELLORA MEDIOAMBIENTAL DO CONTORNO RURAL.
 - 4.3.DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA
5. INDICADORES.
6. COMPLEMENTARIEDADE CON OUTROS FONDOS.

PARTE IV: PLAN DE COOPERACION CON OUTROS TERRITORIOS

1. PLAN DE COOPERACIÓN.

PARTE V: NORMAS PARA A XESTIÓN DO PROGRAMA

1. LÍMITES DE AXUDA PÚBLICA MÁXIMA.
2. CRITERIOS PARA A SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS.
3. MECANISMOS QUE GARANTEN OS PRINCIPIOS DE OBXECTIVIDADE, PUBLICIDADE, IMPARCIALIDADE E LIBRE CONCORRENCIA.
4. EQUIPO XESTOR E SEDE DO GDR.
5. PLAN DE DIFUSIÓN.
6. OUTROS ASPECTOS.

PARTE VI: PLAN FINANCEIRO

1. PLAN FINANCEIRO.

INDICE DE TABLAS.

- Táboa 1: Superficie da rede natura.
- Táboa 2: Superficies agrarias e forestais por Concello.
- Táboa 3: Densidade poboacional.
- Táboa 4: Variación da poboación dende o 1981 ata a actualidade.
- Táboa 5: Variación da natalidade dende o 1981 ata a actualidade.
- Táboa 6: Variación da mortalidade dende o 1981 ata a actualidade.
- Táboa 7: Saldo vexetativo.
- Táboa 8: Saldo migratorio.
- Táboa 9: Poboación por idades.
- Táboa 10: Poboación por sexos.
- Táboa 11: Taxa analfabetismo.
- Táboa 12: Rendemento medio declarado.
- Táboa 13: IMRF.
- Táboa 14: Hospitais.
- Táboa 15: Servizo de depuración de augas.
- Táboa 16: Vivendas con recollida selectiva de residuos.
- Táboa 17: Asociacións.
- Táboa 18: Taxa actividade, ocupación e paro.
- Táboa 19: Paro por idades.
- Táboa 20: Ocupación por sectores.
- Táboa 21: Centros de traballo.
- Táboa 22: Superficie forestal e arborizada.
- Táboa 23: Superficie ocupada por terra labrada e por monte.
- Táboa 24: Cabezas de gando.
- Táboa 25: Nº de empresas por sectores.
- Táboa 26: Nº establecementos turismo.
- Táboa 27: Análise DAFO sociodemográfica.
- Táboa 28: Análise DAFO do plan de difusión.

PARTE I
IDENTIFICACIÓN DO GRUPO
DE DESENVOLVEMENTO
RURAL

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DO GDR

A seguinte documentación xa foi presentada con anterioridade:

1.1.DENOMINACIÓN E CIF.

1.2.DOMICILIO SOCIAL. TELÉFONO, FAX, CORREO ELECTRÓNICO (Anexo IA).

1.3.COPIA COTEXADA DO DNI DO REPRESENTANTE LEGAL E DA
DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA SÚA REPRESENTACIÓN.

2. PERSONALIDADE XURÍDICA

A seguinte documentación xa foi presentada con anterioridade:

2.1.COPIA COTEXADA DA ACTA CONSTITUINTE.

2.2.COPIA COTEXADA DOS ESTATUTOS.

2.3.INSERCIÓN NO REXISTRO DE ASOCIACIÓNS DEPENDENTE DA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA.

2.4.RELACIÓN DE ASOCIADOS (Anexo IB e IC).

2.5.COMPOSICIÓN ACTUAL DO ÓRGANO DECISORIO (Anexo ID).

2.6.RELACIÓN DE ENTIDADES ÁS QUE SE LLE DENEGOU A INTEGRACIÓN OU
ESTÁN PENDENTES DE ACEPTACIÓN (Anexo IE).

2.7. INFORME SOBRE O GRAO DE PARTICIPACIÓN SOCIAL NA ELABORACIÓN DO PROGRAMA

◦ Primeiros pasos (19 abril do 2008). Formación dunha xestora.

O día 19 de abril un centenar de persoas representantes dunhas 70 entidades asistiron á charla que convocaron mediante carta as asociacións de veciños de Pasarela e Tabeirón (Baio), a Asociación de empresarios de Baio, as Mulleres Rurais de Muxía, a Comunidade de montes de Tines e o Seminario de Estudos Comarcais. A charla tivo lugar en Vimianzo no Salón Caribe e foi ofrecida polo Director Xeral de Desenvolvemento Rural, Edelmiro López Iglesias. O obxectivo era explicar como se executaría o novo programa Leader 2007-2013.

Froito desta reunión moitos dos presentes decidiron formar unha xestora que estudaría a posibilidade de formar un grupo de desenvolvemento rural. Apuntáronse 24 asociacións das tres bisbarras co obxectivo de que o Leader fora un proxecto aberto a todo o mundo e que a súa xestión fora transparente.

Ata o momento a asociación Neria era a encargada de xestionar os fondos europeos (Leader, Leader II e Leader Plus).

◦ Presentación de candidaturas

Os alcaldes que constitúen Neria solicitaron unha reunión co director de Agader con relación a posibilidade de presentar eles tamén unha candidatura.

Nesta reunión que se celebrou o día 24 de abril en Santiago de Compostela, o director de Agader expuxo a necesidade de presentar unha candidatura única e de consenso, ante o risco de perde-los fondos.

Trala reunión con Agader os alcaldes decidiron contactar coa comisión xestora para buscar un acordo e unidade na convocatoria. A reunión tivo lugar o día 30 de abril no consistorio de Dumbría. Foi convocada por impulso de Neria e asistiron por parte dos alcaldes: o de Dumbría, Zas, Camariñas, Muxía e Fisterra, e por parte da xestora: María Rodríguez, de Dumbría; Jesús Manuel García, de Cee; Jesús Otero Antelo, de Mazaricos; Alfonso Villar López, de Baio; e Ramón Gándara Martínez, de Vimianzo.

Todos estiveron de acordo en que crear unha candidatura única era o mellor para a comarca.

Os membros da comisión xestora explicaron que suscitarían estas cuestións ós membros da asemblea para ver se aceptaban a proposta.

- Creación dunha comisión mixta

O día 3 de xuño, logo de ter ata cinco reunións bilaterais de alcaldes cunha representación da Xestora de Asociacións, creouse unha comisión mixta con representación dos Concellos, da Xestora de Asociacións e da Asociación Neria, co obxectivo de confluír nunha convocatoria conxunta.

- Comezo da constitución do GDR 26

O día 19 de xullo de 2008, realizouse unha Asemblea Xeral no polideportivo de Baio, para iniciar a constitución do GDR.

A asemblea xeral aceptou a proposta de mesa presidencial: A comisión mixta, composta por M^a Soledad Piñeiro Martínez, Ramón Vigo Sambade, Ramón Gándara Martínez e Guadalupe Nieto Domínguez (secretaria desta asemblea).

As entidades interesadas en participar foron convocadas por carta, e a súa vez anunciouse nos medios de comunicación da comarca. Asistiron 200 persoas representantes das asociacións de todo tipo da comarca.



Votouse polo nome para o GDR Costa da Morte que se impuxo ó de GDR Neria.

Aprobáronse os custos das cotas de 20 € / ano para as entidades privadas e 500 € / ano para os concellos, e aprobouse o número de representantes por mesa seguinte:

- Sector agrario: tres representantes
- Sector forestal: un representante
- Asociacións de mulleres: un representante
- Asociacións xuvenís: un representante
- Asociacións culturais, recreativas e medio ambientais: tres representantes
- Asociacións deportivas: un representante
- Asociacións de veciños: dous representantes
- Asociacións multisectoriais de empresarios, axentes sociais e sectores non adscritos noutras mesas: tres representantes
- Sector turismo, hostalería e artesanía: tres representantes
- Sector institucional: dez representantes dos concellos e un da deputación

A elección dos representantes das mesas quedou aprazada para a seguinte reunión.

◦ Constitución do GDR 26

O día 9 de agosto de 2008 reúnense na Casa da Cultura de Vimianzo tódalas entidades e institucións interesadas (cerca de 230 representantes), a reunión, foi presidida pola comisión mixta, composta por: Ramón Vigo Sambade, M^a Soledad Piñeiro Martínez, Ramón Gándara Martínez, Manuel Muíño Espasandín e Guadalupe Nieto Domínguez.

Nomeáronse os representantes de cada unha das mesas, e os 27 representantes que asistiron (de 29), elixiron os diferentes cargos da xunta directiva, quedando formada a xunta por:

- Presidente: Manuel Muíño Espasandín (Alcalde de Zas)
- Vicepresidente: Manuel Soto Pérez
- Secretaria: Olga Campos Sánchez
- Tesoureiro: Ramón Sestayo Lestón

◦ Reunións das mesas sectoriais para a elaboración do borrador do programa de desenvolvemento

PLAN DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR “COSTA DA MORTE”

Realizáronse reunións cos ADLs dos Concellos e con cada unha das mesas sectoriais para coñecer as necesidades de cada sector e as liñas de proxectos a levar a cabo con estes fondos do Leader.

MESA SECTORIAL	DATA DE CELEBRACIÓN	ASOCIACIÓNS CONVOCADAS	LUGAR DE CELEBRACIÓN
ADLs	12 setembro (10:30)	10 ADLs dos Concellos	Concello de Vimianzo
Agraria e gandeira	19 setembro (10:00)	31 asociacións agrarias	Telecentro (Concello de Vimianzo)
Forestal	19 setembro (12:00)	20 asociacións forestais	Telecentro (Concello de Vimianzo)
Mulleres e xuvenil	23 setembro (20:00)	14 asociacións de mulleres e 3 xuvenís	Concello de Cee (Salón de actos)
Multisectorial	23 setembro (20:00)	30 asociacións multisectoriais	Concello de Cee (Salón de plenos)
Veciños	24 setembro (20:00)	50 asociacións de veciños	Edificio torre (concello de Vimianzo)
Deportes	24 setembro (20:00)	33 asociacións deportivas	Edificio torre (concello de Vimianzo)
Institucional	25 setembro (17:00)	5 concellos	Concello de Cee (Salón de actos)
Turismo, hostalería e artesanía	25 setembro (20:00)	6 asociacións turismo	Edificio torre (concello de Vimianzo)
Cultural, recreativas e medio ambientais	25 setembro (20:00)	58 asociacións culturais	Edificio torre (concello de Vimianzo)
Institucional	2 outubro (20:00)	5 concellos	Concellos de Cee (Salón de plenos)

Con toda esta información elaborouse un borrador do programa de desenvolvemento que foi enviado ós membros da xunta directiva para que fora aprobado.

A continuación axúntase o Anexo IF (Participación social na elaboración do programa).

2.8.DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSA A ASOCIACIÓN NAS CIRCUNSTANCIAS DO ARTIGO 10 DA LEI 9/2007 (Anexo IG): Xa foi presentada con anterioridade.

2.9.COMPROMISO DE UTILIZACIÓN DA LÍNGUA GALEGA CONFORME Ó ARTIGO 20.2.L DA LEI 9/2007.(Anexo IH): Xa foi presentado con anterioridade.

3. DESCRIPCIÓN DO EQUIPO TÉCNICO E HUMANO ADSCRITO Á XESTIÓN DO PROGRAMA

3.1. PERSOAL PREVISTO PARA A XESTIÓN DO PROGRAMA: ORGANIGRAMA; PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DO EQUIPO XESTOR.

Equipo Xestor

Contratarase o seguinte persoal técnico do GDR que encaixará nas seguintes tipoloxías:

- Xerente ou máximo responsable do programa. Titulación mínima: diplomatura / enxeñería técnica.
- Técnico. Titulación mínima: diplomatura / enxeñería técnica.
- Administrativo. Titulación mínima: bacharelato / FP II.

Xerente:

O xerente será o responsable do equipo de traballo e máximo responsable técnico do programa. Entre as súas tarefas estarán as seguintes:

- a) Coordinación do equipo de traballo.
- b) Informar e darlle publicidade o programa Leader deseñado para a Costa da Morte.
- c) Manter unha comunicación continua cos membros da Xunta directiva e co seu persoal.
- d) Manter informado a Agader sobre a evolución do programa, e facilitar toda a información que lle sexa requirida.
- e) Revisar as solicitudes analizadas e os informes emitidos polo técnico.

Técnico:

As tarefas do técnico serán as seguintes:

- a) Analizar cada unha das solicitudes de subvención e emisión dun informe detallado.
- b) Garantir a adecuación dos proxectos aos requirimentos do programa.
- c) Controlar a correcta realización dos proxectos.
- d) Manter unha comunicación constante co xerente.


Administrativo:

As tarefas do administrativo serán:

- a) Colaboración co técnico e xerente na realización de tarefas administrativas.

- b) Control e seguimento das solicitudes recibidas.
- c) Emisión de facturas e control de gastos.

ORGANIGRAMA:



Procedemento de contratación

O procedemento de contratación virá definido polo convenio de colaboración que ten que asinar o GDR con Agader, e deberá axustarse ós principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade da convocatoria.

O proceso selectivo contará entre outros: cunha proba escrita sobre cuestións relacionadas co desenvolvemento rural, unha entrevista, cun límite do 25% da puntuación máxima do proceso selectivo, e a valoración da experiencia en materia de desenvolvemento rural, cun límite do 25% da puntuación máxima do proceso selectivo.

A selección das entidades que poidan prestar unha asistencia técnica será realizada por entidades segundo o principio de publicidade, concorrência e obxectividade. Os principios de publicidade e concorrência materializaranse na publicación de anuncios en medios de comunicación e na concesión dun prazo mínimo de 10 días para a presentación de ofertas.

3.2.MEDIOS TÉCNICOS: LOCAL, MEDIOS INFORMÁTICOS.

Logo de analizar varias opcións nos diferentes concellos para elixir o local de reunións do GDR, aínda non foi posible atopar ningún local apropiado para as reunións.

Permanentemente decidiuse utilizar o consistorio de Cee para a realización das reunións, na espera de atopar un local máis apropiado.

Este local é temporal, polo que se abrirá un período onde os Concellos proporán locais. Estas propostas levaranse a Xunta directiva e votarse para elixir a opción máis axeitada.


Unha vez que o local sexa elixido, adquiriranse os medios técnicos necesarios. Haberá que mercar:

- equipos informáticos con conexión a internet.
- un proxector para a realización de charlas.
- unha impresora.
- un teléfono.
- materiais funxibles necesarios.

PARTE II
TERRITORIO

1. TERRITORIO DE ACTUACIÓN

Establécese como ámbito xeográfico de actuación o territorio comprendido polos seguintes municipios da Costa da Morte: **Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Muxía, Carnota, Camariñas, Vimianzo, Zas e Mazaricos**, que se corresponde co GDR 26.



Mapa: territorio de actuación


O número total de habitantes de tódolos concellos que forman o GDR é de 54.350 habitantes, segundo datos do Instituto Galego de Estatística (en adiante IGE) e obtidos a partir do Padrón municipal de habitantes vixente, e a súa superficie total que abarca todos os concellos alcanza a 970,10 km².

Analizando o territorio de actuación, podemos dicir que existe unha simbiose entre a paisaxe e a actividade humana. Mentres nas agras de Dumbría, Mazaricos ou parte de Zas atopamos pastos, forraxe e unha notable actividade gandeira e agrícola, outros municipios coma Vimianzo, por citar un, teñen unha grande potencialidade no sector forestal e silvicultor, sen deixar de lado a agricultura (caso de Baíñas). A morfoloxía da paisaxe e as actividades humanas cambian en áreas como as de Corcubión, Fisterra, Camariñas, Carnota... onde o

marisqueo, a pesca e incluso a acuicultura teñen unha personalidade propia e marcan o carácter da xente.

As principais ameazas ás que está exposto o patrimonio natural son os incendios forestais, a ausencia de depuración de augas residuais, o impacto de determinadas prácticas agrarias, os monocultivos, a sobreexplotación dos recursos mariños e o abandono da actividade agraria. Tamén se pode apuntar como un claro inimigo do medio a falta de disciplina no ordenamento urbano e a construción de vivendas e infraestruturas sen ter en conta o seu impacto no medio ambiente e no patrimonio histórico artístico.

O desenvolvemento económico e industrial de todo o territorio pasa por actividades dos sectores agrarios, forestal, turístico, artesán, e de servizos en xeral. Neste momento todas estas actividades atópanse con problemas asociados o envellecemento da poboación, a alta migración, a baixa natalidade, a falta de profesionalización en traballos tradicionais como son a xestión dos montes, das explotacións agrarias, e a falta de posta en valor dos recursos naturais, patrimoniais, históricos .



PARTE III
ESTRATEGIA PARA O
PROGRAMA DE
DESENVOLVIMENTO RURAL

1. ANÁLISE E DIAGNÓSTICO

1.1.DELIMITACIÓN TERRITORIAL E MEDIO NATURAL

1.1.1. Situación xeográfica

O GDR 26 está constituído polas comarcas de Fisterra e Terra de Soneira e polos concellos de Carnota e Mazaricos. Todos estes concellos pertencen a zona denominada Costa da Morte.

Ó noroeste de Galicia, desde a punta do Monte Louro, no termo municipal de Muros, polo sur, ata a vila de Caión, no norte, esténdense os escarpados acantilados da Costa da Morte.

Seguindo a estrada, que bordea unha paisaxe espectacular, o Monte Louro aparece coa fermosa praia ó seu pedemonte. Carnota, seguinte poboación, destaca por ter unha praia de gran beleza natural, ademais de gran riqueza ecolóxica. Cee é a vila máis poboada de toda a zona, o seu antigo barrio garda casas de pedra entre estreitas rúas. Recorrendo a costa, Corcubión é famosa polo seu porto, o máis occidental da península. O seu casco antigo, declarado Conxunto Histórico Artístico, conserva casas nobres do esplendor pasado.

Sobre un antigo núcleo pesqueiro, estableceuse a vila de Fisterra, que segue conservando a súa típica estrutura. Poboacións como Muxía, co seu famoso santuario de Nosa Señora da Barca; Camariñas, cos seus famosos encaixes de bolillos; Laxe, co seu importante porto pesqueiro dentro de unha ampla enseada. Para rematar o percorrido pola Costa da Morte hai que continuar por outra comarca, a de Bergantiños, ata Malpica, vila de gran tradición mariñeira.

A Costa da Morte posúe clima oceánico similar ó resto da costa galega. Temperaturas suaves que oscilan entre os 18º e os 25º en verán e entre 8º e 12º en inverno. As precipitacións son abundantes, ó redor de 1500 mm anuais. Novembro, decembro e xaneiro son os meses máis chuviosos; xuño, xullo e agosto os máis secos.

Nas zonas costeiras máis expostas son frecuentes fortes ventos acompañados de densas néboas, que en ocasións chegan a dificultar o tráfico rodado.

1.1.2. Análise do medio natural

A superficie total do GDR é de 970,10 km². As superficies por Concello correspondentes á Rede Natura indícanse na Táboa 1, a Rede Natura inclúe moitos recursos naturais que se detallan a continuación:

Táboa 1: Superficie da rede natura

CONCELLO	SUPERFICIE CONCELLO (HA)	SUPERFICIE EN REDE NATURA (HA)	% SUPERFICIE CONCELLO EN R.N. 2000
CARNOTA	7.063,996	2.961,561	41,92
CAMARIÑAS	5.178,517	1.200,478	23,18
FISTERRA	2.940,145	675,464	22,97
DUMBRÍA	12.464,610	1.179,453	9,46
CEE	5.746,531	481,938	8,39
MUXÍA	12.119,935	751,081	6,20
MAZARICOS	18.712,451	31,000	0,17
VIMIANZO	18.738,660	3,708	0,02
CORCUBIÓN	760	Illa Lobeira	<30%
ZAS	13.320	0	0

Elaboración propia a partir de datos da Xunta de Galicia

A Costa da Morte inclúe os seguintes enclaves: Marismas de Baldaio, Illas Sisargas, Enseada da Insua, Lagoa de Traba, Cabo Vilán e Cabo Fisterra. As Marismas de Baldaio e A Enseada de Insua albergan interesantes poboacións de aves acuáticas invernantes, aínda que sen chegar a cifras importantes.

Os cantís de Cabo Vilán e Illas Sisargas concentran a práctica totalidade das colonias de gaivota tridáctila e arao dos cons de España. As Illas Sisargas albergan ademais a principal colonia de gaivota escura de España. A Lagoa de Traba mantén un bo estado de conservación ó igual que o sistema dunar que ten asociado. Na zona danse cita algunhas especies de aves acuáticas de interese.

Habitats

Esteiros, Chairas lamacentas ou areosas que non están cubertas de auga cando hai marea baixa, Lagoas costeiras, Vexetación anual sobre reboutallos mariños acumulados, Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas, Vexetación anual pioneira con *Salicornia* e outras especies de zonas lamacentas ou areosas, Pasteiros salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritima*), Mato halófilo mediterráneo e termoatlántico (*Sarcocornetea fruticosi*), Dunas móbiles embrionarias, Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas), Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises), Dunas con céspedes do

Malcomietalia, Dunas con vexetación esclerófila do *Cisto-Lavanduletalia*, Uceiras húmidas atlánticas de zonas mornas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*, Uceiras secas europeas, Uceiras secas atlánticas costeiras de *Erica vagans*, Uceiras ortomediterráneas endémicas con toxo.

Prados húmidos mediterráneos de herbas altas do *Molinion-Holoschoenion*, Turbeiras de cobertor, Turbeiras baixas alcalinas, Rochedos silíceos con vexetación pioneira do *Sedo-Scleranthion* ou do *Sedo albi-Veronicion dillenii*, Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*).

Flora

Omphalodes littoralis, *Rumex rupestris*, *Sphagnum pylaisii*.

Fauna

Lontra (*Lutra lutra*) , Fulepa grande (*Acrocephalus arundinaceus*), Fulepa lixeira (*Acrocephalus scirpaceus*), Charneco (*Anas crecca*) , Lavanco real (*Anas platyrhynchos*), Garza real (*Ardea cinerea*), Píldora raiada (*Arenaria interpres*), Pilro bulebole (*Calidris alba*), Pilro curlibico (*Calidris alpina*), Pilro groso (*Calidris canutus*), Píllara papuda (*Charadrius alexandrinus*), Píllara real (*Charadrius hiaticula*), Escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus*), Mobella grande (*Gavia immer*), Gavita (*Haematopus ostralegus*), Gaivota patiamarela (*Larus cachinnans*), Gaivota escura (*Larus fuscus*), Agulla colipinta (*Limosa lapponica*), Mazarico curlí (*Numenius arquata*), Mazarico galego (*Numenius phaeopus*), Corvo mariño cristado (*Phalacrocorax aristotelis*), Píllara cincenta (*Pluvialis squatarola*), Pardela fuchabuchos (*Puffinus puffinus mauretanicus*), Gaivota tridáctila (*Rissa tridactyla*), Bilurico pativerde (*Tringa nebularia*), Arao dos cons (*Uria aalge ibericus*), Lagarto das silvas (*Lacerta schreiberi*).

Facendo un percorrido do medio natural por cada municipio, atopamos o seguinte:

Camariñas

O relevo deste municipio é de claro dominio granítico, formando un bloque que descende cara a costa norte e lentamente cara o sur. As maiores alturas están na Serra de Pena Forcada e os seus pes esténdese unha costa pedregosa que fai deste tramo costeiro o máis perigoso da Costa da Morte, pero tamén un dos máis fermosos. O municipio de Camariñas é eminentemente costeiro y mariñeiro. Ocupa unha península con dúas caras, a que está orientada a mar aberto e que ofrece unha estampa do máis abrupto da Costa da Morte, e a

orientada á ría, moito máis tranquila. O territorio, con largas zonas vírxes e deshabitadas, está regado polo río Grande, importante coto troiteiro. O clima é suave e con abundantes precipitacións, condicionantes que repercuten nun manto vexetal dominado pola superficie forestal. Na costa norte e oeste ten unha maior presenza a matogueira, entre o que florece a camariña, nome do que deriva Camariñas.

Carnota

O municipio de Carnota ábrese o mar entre a desembocadura do Xallas e Punta Lens, sobre unha superficie de 66,4 quilómetros cadrados que engloba cinco parroquias. As características xeográficas fan que o municipio sexa a transición entre as Rías Altas e as Rías Baixas, pero o sistema de relacións da poboación, a economía e os servizos intégrano na comarca suroccidental de Galicia, que se sitúa en Fisterra. En canto ó relevo, o sector septentrional esténdese entre Punta Caldebarcos, onde comeza a denominada Costa da Cabra, pedregosa e de altura regular, ata O Pindo, onde cae bruscamente ó mar.. Ó sur está a enseada de Carnota, onde poden verse formacións de tipo areoso, que converten a extensa praia de Carnota na máis grande de Galicia. O principal curso fluvial é o de Xallas, que na súa desembocadura accede ó mar mediante un salto natural, resultado dun desnivel tectónico. As súas terras están marcadas polo mar e pola montaña. Auga e pedra, en contraste forte, son as materias primordiais. As pedras están traballadas polo tempo e polas mans dos homes, que converteron as súas ideas e necesidades en materia, comezando polos antepasados que gravaron os petróglifos, arte prehistórica de misterioso significado. Na Idade Media este termo foi propiedade dos condes de Trastámara e de Lemos e formou parte do antigo condado de Cornatum. As Revolucións Irmandiñas de 1467 derribaron as súas fortalezas, pero durante o século XVII xurdiu o núcleo onde se asentou despois a actual capital municipal.

Cee

A rede hidrográfica está organizada en dúas concas, a meridional formada polos ríos Cee e Brens, que desembocan na ría de Corcubión, e a setentrional, cos ríos Castro e Lires, que flúen cara a ría de Lires. O territorio mostra un predominio de paisaxe forestal, aproveitable para a madeira no seu 67%, de aí a súa importancia na economía local. Ó redor das pequenas aldeas distribúense as terras de cultivo, destinadas fundamentalmente ó maízo e a outros produtos de autoconsumo.

Corcubión

Un dos enclaves máis importantes do municipio é o porto, tanto pola súa relevancia como base naval como pola súa localización como punto estratéxico, xa que é o peirao máis occidental de

Galicia, con boas condicións de abrigo e seguridade. Na actualidade utilízase para o embarque de carburo de calcio da fábrica de Brens, en Cee, e ten una aduana de terceira clase. Este municipio está asentado sobre unha pequena península que, en forma rectangular e rodeada polo municipio de Cee, penetra no océano Atlántico entre a enseada de Estorde á ría. A costa é rochosa, coa excepción do tramo correspondente á ría que, por esta marxe, comeza no chamado Cabo de Cee e onde, tralo Castelo do Cardeal, encontrámonos a praia de Quenxe e a continuación o porto da vila.

Dumbría

Dumbría está situada no extremo noroccidental da provincia da Coruña e ten unha extensión de 125,1 quilómetros cadrados. Limita ó norte cos municipios de Vimianzo e Muxía; ó sur con Mazaricos, Carnota e có Atlántico, na enseada de Ézaro, que é o único núcleo marítimo do Concello; ó este con Zas, Vimianzo e Mazaricos e ó oeste con Cee e Muxía. A capitalidade do concello é Dumbría, situada a 78 quilómetros da capital da provincia. Configura unha orla montañosa que domina a comarca de Fisterra e está situada na marxe dereita do curso baixo do Xallas, que desemboca na parroquia de Ézaro. Este patrimonio xeomorfolóxico foi edificado para o aproveitamento hidroeléctrico. Polo que respecta ó relevo, este é accidentado debido ó predominio de materiais graníticos e á tectónica. As maiores altitudes encóntranse nos montes de Buxantes, que fan de divisorias de augas para tres concas hidrográficas: a do río Castro, en Cee; a de Brens, que o fai polo val de Buxantes cara a ensenada de Brens, tamén en Cee; e a máis importante, a do río Xallas que, facendo de límite con Mazaricos, baixa dende o embalse da Fervenza. Ó longo do recorrido sucédense os embalses de Ponte Olveira e Castrelo e as centrais eléctricas de Xallas e Ézaro. Este paisaxe montañoso está recuberto por algunha masa forestal e na súa maioría por monte baixo, en parte como consecuencia dos numerosos incendios forestais que asolaron a zona. Ó clima, influenciado pola súa proximidade ó mar, caracterízase pola suavidade das temperaturas e polas elevadas precipitacións. Concello de formación recente, segundo Madoz, Dumbría estaba formada polas actuais parroquias de Santa Baia de Dumbría, Santiago de Berdeigas, San Pedro de Buxantes, Santa Uxía de Ézaro, San Martiño de Olveira, co seu anexo Santiago de Olveiroa, e San Mamed de Salgueiros. Pertencía ó partido xudicial de Corcubión e á diocese de Santiago. A abundancia de monumentos prehistóricos nos montes deste concello, fai que a citen estudosos da prehistoria como lugar de asentamento da poboación megalítica.

Fisterra

Ó relevo de Fisterra é bastante accidentado e o terreo sobre o que se asenta alcanza a máxima altitude nos montes próximos a Cee e en Facho, onde descende bruscamente cara o mar configurando ese paisaxe enérxico e incluso abrupto, que singulariza ó municipio.

Entre ambos bloques graníticos esténdese o istmo de Langosteira. Na costa sucédense grandes areais e abruptos acantilados entre os que sobresaen o Cabo da Nave, o Faro e o Monte Facho. En canto ó clima as temperaturas son suaves e é un dos enclaves menos chuvioso da costa galega. As xentes compaxinan o traballo no campo co do mar, nunha economía de autoconsumo. Unha parte importante da poboación activa está na emigración.

Mazaricos

Ó municipio de Mazaricos sitúase na parte occidental da provincia da Coruña e inscribíse dentro da comarca de Xallas. A capital está situada na Picota, que xunto con Pino do Val, son os pobos máis importantes. Dende o punto de vista xeográfico o seu territorio é moi variado, con terras altas e amesetadas, onde abundan as terras fértiles. Esta zona, atravesada polo río Maroñas e limitada polo Xallas, forma un gran lago, debido ó embalse de A Fervenza e polos macizos de Ara e do Pedroso, que a separan do resto do municipio. A outra zona fórmana catro vales atravesados polos ríos Mazaricos, Beba, Arcos e Santabaia, acotados polos macizos montañosos de Aro, Pedroso, Ruña e O Pindo. Ó río Xallas, hoxe interrompido por catro embalses: Fervenza, Ponteolveira, Castrelo e Santa Uxía, cruza o macizo de O Pindo cara o mar, formando na súa desembocadura un dos máis espectaculares saltos de auga de Galicia. Nestas características xeográficas tan apropiadas para a obtención de pastos está fundamentada a economía, eminentemente gandeira, que colocou a Mazaricos entre os primeiros municipios de Galicia na produción de leite e carne. Outro sector importante é o forestal, con grandes superficies repoboadas, onde abundan as carballeiras.

Muxía

Muxía é sobre todo un municipio costeiro, onde o litoral forma a súa unidade morfolóxica máis importante. A súa costa é variada e esténdese dende onde termina o estuario do río Grande de Ponte do Porto ata a desembocadura do río Castro, no extremo sur da praia de Lires. Ó longo do litoral hai acantilados e praias. Culmina no cabo Touriñán, o punto máis occidental de España. A capital municipal, a vila mariñeira de Muxía, a 92 km de A Coruña, constitúe un pequeno núcleo urbano localizado no istmo que une a Punta de A Barca con terra firme. Ó clima, dada a súa situación costeira, é suave, cunha temperatura media anual de 13-14 grados, con precipitacións repartidas ó longo do ano.

Vimianzo

O relevo deste municipio caracterízase pola suavidade das súas formas e a escasa diferenza de altitude. A zona chá do este do municipio está drenada polo río Vilar e os seus afluentes e nela sobresaen pequenas elevacións como os montes de Matanza, Serramo o Cárreo-Treos.

Ó centro do municipio está ocupado polo val de Vimianzo, por onde discorren os ríos Castro e Cambeda, ambos afluentes do río Grande, tamén chamado río de O Porto, aludindo ó lugar da súa desembocadura. Cara o oeste este val está rodeado por un pequeno macizo que ten a súa maior altitude no Monte Faro. Aquí o terreo comeza a descender ata alcanzar o nivel do mar na desembocadura do río Grande. A vexetación que predomina é o pino e o clima é oceánico hiperhúmedo, con elevadas precipitacións e suaves temperaturas.

Zas

Confórmano un total de 16 parroquias, pertencentes as da zona norte á denominada Terra de Soneira e as do sur á comarca de Xallas. Temos así, dúas partes moi diferenciadas: a soneirana das parroquias norteñas, regadas polo río Grande do Porto e os seus afluentes, e a xalleira das parroquias do sur, que dirixen as súas augas ó Xallas. Os núcleos urbanos máis significativos son Baio, Zas e Brandomil. É un municipio eminentemente agrícola e gandeiro, aínda que tamén hai unha poboación dedicada á industria, o comercio e a hostalería, concentrada, sobre todo, en Baio. Este municipio ten unha notable riqueza megalítica tanto pola abundancia das súas 'mámoas' e dolmens como pola importancia de algunha delas.

As superficies agrarias e forestais por Concello indícanse na seguinte Táboa:

Táboa 2: Superficies agrarias e forestais por Concello

Concellos	Superficie total (Ha)	Superficie agraria utilizada (SAU) (Ha)	Superficie forestal (Ha)
Camariñas	4.315	385	3.930
Carnota	5.672	577	5.095
Cee	5.383	1.104	4.279
Corcubión	582	119	463
Dumbría	10.316	2.718	7.599
Fisterra	2.675	661	2.014
Mazaricos	16.607	7.895	8.713
Muxía	11.438	2.701	8.738
Vimianzo	16.492	3.880	12.612
Zas	11.515	4.157	7.357
TOTAL	84.995	24.197	60.800
A CORUÑA	795.327	102.470	441.755
GALICIA	2.957.842	447.932	1.763.014

Datos obtidos do IGE do ano 2004

1.2. ANÁLISE SOCIODEMOGRÁFICA

1.2.1. Volume e distribución espacial da poboación

O número total de habitantes por concello e a densidade reflíctense na seguinte Táboa:

Táboa 3: Densidade poboacional

CONCELLOS	Nº TOTAL DE HABITANTES	SUPERFICIE (KM ²)	DENSIDADE
Cee	7.555	57,50	131,39
Corcubión	1.887	6,50	290,31
Dumbría	3.890	124,70	31,19
Fisterra	4.971	29,40	169,08
Muxía	5.663	121,30	46,69
Carnota	5.017	70,90	70,76
Camariñas	6.275	51,90	120,91
Vimianzo	8.364	187,40	44,63
Zas	5.549	133,20	41,66
Mazaricos	5.179	187,30	27,65
TOTAL	54.350	970,10	56,02
A CORUÑA	1.132.792	7950,4	142,48
GALICIA	2.772.533	29.574,4	93,75

Datos obtidos do IGE do ano 2007

Gráfico 1: Densidade poboacional




Gráfico obtido a partir da Táboa 3

Analizando os datos da Táboa 3 de densidade de poboación. Temos unha densidade media baixa e dicir que os concellos obxecto do programa están moi despoboados coa excepción dos concellos de Corcubión, Cee, Fisterra e Camariñas que teñen un maior número de habitantes por superficie.

Comparando os datos coa densidade media da provincia e da Comunidade, vemos como está moi por debaixo, cun valor de 56,02 fronte ó 142,48 da provincia da Coruña e ó 93,75 de Galicia.

1.2.2. Evolución da poboación

Cando se analizan os datos da Táboa 4 vese como hai un descenso dende o 1.981 ata o 2007. Toda a zona obxecto de estudio sufriu un despoboamento. Só no caso de Cee pódese observar a tendencia oposta.

Se comparamos os datos con Galicia e coa provincia da Coruña vese como o territorio da Costa da Morte perdeu poboación con respecto ó total.

Comparando coa provincia da Coruña pasa dun valor do 5,9% a un valor do 4,8% e comparando os datos con Galicia pásase dun valor do 2,29% no 1981 a un valor do 1,96% no ano 2007.

Táboa 4: Variación da poboación dende o 1981 ata a actualidade

Nº HABITANTES						
	1981	1986	1991	1996	2001	2007
Galicia	2.811.912	2.844.472	2.731.669	2.742.622	2.732.926	2.772.533
A Coruña	1.093.121	1.109.788	1.096.966	1.110.302	1.108.002	1.132.792
Camariñas	7.220	7.444	7.410	7.349	6.747	6.275
Carnota	7.213	7.199	6.795	6.140	5.593	5.017
Cee	7.531	7.746	7.109	7.352	7.320	7.555
Corcubión	2.114	2.098	2.102	2.015	2.001	1.887
Dumbría	4.778	5.092	5.028	4.928	4.488	3.890
Fistera	5.322	5.516	5.477	5.397	5.175	4.971
Mazaricos	6.757	7.287	7.014	7.010	6.072	5.179
Muxía	7.080	7.044	6.725	6.634	6.191	5.663
Vimianzo	9.646	9.668	9.639	9.379	8.787	8.364
Zas	7.329	7.084	6.611	6.508	6.160	5.549
COSTA DA MORTE	64.490	66.178	63.910	62.712	58.534	54.350
% V. sobre Coruña	5,9	5,96	5,83	5,65	5,28	4,8
% V. sobre Galicia	2,29	2,33	2,34	2,29	2,14	1,96

Elaboración a partir dos datos do IGE

En relación a natalidade e mortalidade temos os seguintes datos (Táboa 5):

Táboa 5: Variación da natalidade dende o 1981 ata a actualidade

	NATALIDADE					
	1981	1986	1991	1996	2001	2007
Galicia	36.300	26.178	21.927	18.597	19.361	21.670
A Coruña	14.976	10.331	8.654	7.385	7.956	8.979
Camariñas	128	84	70	43	32	39
Carnota	73	58	49	38	31	18
Cee	94	68	73	50	36	63
Corcubión	31	17	29	8	11	9
Dumbría	67	40	38	32	24	22
Fisterra	111	53	3	47	28	36
Mazaricos	99	81	53	24	35	27
Muxía	115	57	42	28	18	18
Vimianzo	123	84	71	52	36	38
Zas	93	58	45	31	35	28
COSTA DA MORTE	934	600	473	353	286	298

Elaboración a partir dos datos do IGE

Segundo a Táboa 5 produciuse un descenso da natalidade bastante elevado en tódolos concellos. Na Costa da Morte temos un número de nacementos no 1981 de 934 e un número de nacementos no 2007 de 298.

Táboa 6: Variación da mortalidade dende o 1981 ata a actualidade

	DEFUNCIÓNS					
	1981	1986	1991	1996	2001	2007
Galicia	25.398	26.877	27.696	28.864	28.300	29.799
A Coruña	9.402	10.228	10.533	11.185	10.926	11.750
Camariñas	72	64	58	76	58	63
Carnota	59	88	77	73	65	71
Cee	67	56	60	60	85	80
Corcubión	16	24	16	19	19	19
Dumbría	40	46	52	44	42	41
Fisterra	39	63	15	53	50	49
Mazaricos	66	88	59	91	79	71
Muxía	91	62	78	76	54	78
Vimianzo	93	79	102	118	81	101
Zas	60	59	68	63	68	69
COSTA DA MORTE	603	629	585	673	601	642

Elaboración a partir dos datos do IGE

O número de defuncións (Táboa 6) sofre aumentos e descensos. No ano 2007 está nun valor de 642 para o total dos concellos, superior ó valor no ano 1.981

Táboa 7: Saldo vexetativo

	SALDO VEXETATIVO					
	1981	1986	1991	1996	2001	2007
Galicia	10.902	-699	-5.769	-10.267	-8.939	-8.129
A Coruña	5.574	103	-1.879	-3.800	-2.970	-2.771
Camariñas	56	20	12	-33	-26	-24
Carnota	14	-30	-28	-35	-34	-53
Cee	27	12	13	-10	-49	-17
Corcubión	15	-7	13	-11	-8	-10
Dumbría	27	-6	-14	-12	-18	-19
Fisterra	72	-10	-12	-6	-22	-13
Mazaricos	33	-7	-6	-67	-44	-44
Muxía	24	-5	-36	-48	-36	-60
Vimianzo	30	5	-31	-66	-45	-63
Zas	33	-1	-23	-32	-33	-41
COSTA DA MORTE	331	-6	-112	-320	-315	-344

Elaboración a partir dos datos do IGE

Se analizamos o crecemento vexetativo (Táboa 7), vemos que se produciu un descenso elevado dende o 1.981 ata agora. Temos valores negativos case tódolos anos, e prodúcese unha diminución do saldo na maioría dos concellos.

Mentres que na provincia aumenta un pouco nos últimos anos, na Costa da Morte o número é cada vez máis baixo.

Táboa 8: Saldo migratorio

	SALDO MIGRATORIO			
	1991	1996	2001	2006
Galicia	3.391	1.528	7.166	17.601
A Coruña	2.354	1.096	3.749	7.644
Camariñas	-4	31	-66	8
Carnota	-39	-17	-52	-37
Cee	49	-3	-27	112
Corcubión	12	0	13	-1
Dumbría	-12	-15	-7	-45
Fisterra	-12	-11	-3	-5
Mazaricos	-27	-38	-38	-72
Muxía	0	-19	-45	-9
Vimianzo	13	42	-32	-6
Zas	-2	-25	-28	-55
COSTA DA MORTE	-22	-55	-285	-110

Elaboración a partir dos datos do IGE *(non se dispón datos anteriores ó 1.991)

Segundo a Táboa 8, podemos ver como se produciu ó longo destes anos unha elevada migración.

En Galicia e na provincia da Coruña os valores son positivos, en cambio na maioría dos concellos obxecto de estudio temos valores negativos e en descenso. Se nos fixamos no total dos concellos vemos como se produciu a maior migración no ano 2001.

Hai que destacar na parte negativa as variacións poboacionais nos concellos de Carnota e Mazaricos que perden máis do 20 % da poboación do 1991 ó 2006. A evolución negativa está máis relacionada con movementos migratorios, sobre todo interiores, no caso dos concellos de Dumbría, Carnota e Mazaricos.

1.2.3. Estrutura demográfica

Está claro, en relación coa poboación total, o escaso peso das xeracións nadas nos últimos anos. Isto débese a un forte descenso da fecundidade e a perda da poboación polos procesos migratorios, sobre todo nas xeracións entre 35 e 55 anos.

A excepción de Cee, Corcubión e Camariñas, tódolos Concellos superan a media de Galicia e da Provincia en canto a envellecemento da poboación.

No concello de Carnota hai case catro individuos maiores de 64 anos por cada un menor de 16, no concello de Mazaricos hai tres individuos maiores de 64 por cada un menor de 16, e no resto dos concellos: Dumbría, Muxía, Vimianzo e Zas o número é de 2 individuos maiores de 64 por cada un menor de 16.(Táboa 9)

Se analizamos a Costa da Morte hai 2 individuos maiores de 64 anos por cada un menor de 16, os datos indican que esta situación podería chegar a ser insostible a longo prazo.

Son esencialmente tres os factores determinantes do acelerado envellecemento destes concellos:

- O retroceso da fecundidade
- A redución da mortalidade
- A emigración da xente moza e a inmigración da xente maior.

O ritmo de renovación xeracional considerase insuficiente para que esta estrutura cambie a curto prazo, polo que se espera que continúe o crecemento vexetativo negativo e un aumento do envellecemento.

Táboa 9: Poboación por idades

POBOACIÓN POR IDADES				
	Menos de 16	16-64	Mais de 64	Taxa de envellecemento
Galicia	337.329	1.836.921	598.283	1,77
A Coruña	137.168	763.049	232.575	1,70
Camariñas	747	4.142	1.386	1,86
Carnota	401	3.135	1.481	3,69
Cee	951	5.080	1.524	1,60
Corcubión	228	1.290	369	1,62
Dumbría	398	2.570	922	2,32
Fisterra	633	3.385	953	1,51
Mazaricos	450	3.306	1.423	3,16
Muxía	613	3.613	1.437	2,34
Vimianzo	920	5.478	1.966	2,14
Zas	551	3.553	1.445	2,62
COSTA DA MORTE	5.892	35.552	12.906	2,19

Elaboración a partir dos datos do IGE. Ano 2007

Táboa 10: Poboación por sexos

Nº DE HOMES E MULLERES			
	Total	Homes	Mulleres
Galicia	2.772.533	1.337.159	1.435.374
A Coruña	1.132.792	544.352	588.440
Camariñas	6.275	3.112	3.163
Carnota	5.017	2.401	2.616
Cee	7.555	3.641	3.914
Corcubión	1.887	928	959
Dumbría	3.890	1.864	2.026
Fisterra	4.971	2.514	2.457
Mazaricos	5.179	2.479	2.700
Muxía	5.663	2.775	2.888
Vimianzo	8.364	4.079	4.285
Zas	5.549	2.713	2.836
COSTA DA MORTE	54.350	26.506	27.844

Elaboración a partir dos datos do IGE. Ano 2007

Segundo a Táboa 10, a cantidade de mulleres é maior á de homes en tódolos concellos. Hai 95,19 homes por cada 100 mulleres.

A relación é moi similar á de Galicia: 93,16 homes por cada 100 mulleres e á da provincia da Coruña de 92,51 homes por cada 100 mulleres.

1.2.4. Nivel de instrución

Táboa 11: Taxa analfabetismo

TAXA ANALFABETISMO		
	1991	2001
Galicia	3,3	2,1
A Coruña	3,3	2,0
Camariñas	9,0	7,2
Carnota	3,8	1,7
Cee	2,1	3,0
Corcubión	2,0	1,7
Dumbría	5,9	3,1
Fisterra	6,8	2,7
Mazaricos	6,2	6,3
Muxía	8,7	5,3
Vimianzo	7,1	5,5
Zas	7,0	4,5
COSTA DA MORTE	5,86	4,1

Elaboración a partir dos datos do IGE. Ano 2001

Se analizamos a taxa de analfabetismo na Costa da Morte (Táboa 11) vemos que aínda que mellorou a situación en 10 anos, a taxa de analfabetismo aínda está por encima da provincia da Coruña e de Galicia

1.2.5. Indicadores da calidade de vida

Indicadores relativos a variables económicas

Táboa 12: Rendemento medio declarado

	Rendemento medio declarado
Galicia	15.021,74
A Coruña	15.923,80
Camariñas	9.543,10
Carnota	10.474,41
Cee	13.316,95
Corcubión	14.627,27
Dumbría	11.643,20
Fisterra	9.647,14
Mazaricos	8.725,21
Muxía	8.942,63
Vimianzo	9.870,64
Zas	9.426,95

Elaboración a partir dos datos do IGE. Ano 2005

Analizando os datos de renda media (Táboa 12) podemos observar como en tódolos concellos o valor está moi por debaixo da media de Galicia e da provincia. Só concellos coma Corcubión e Cee se aproximan máis a media.

Táboa 13: IMRF

	Indicador municipal da renda dos fogares
Galicia	100
A Coruña	102
Camariñas	93
Carnota	87
Cee	101
Corcubión	87
Dumbría	76
Fisterra	77
Mazaricos	78
Muxía	76
Vimianzo	81
Zas	96

Elaboración a partir dos datos do IGE. Ano 2002

Se nos fixamos no indicador municipal de renda dos fogares (Táboa 13), en case tódolos concellos é inferior a Galicia e Coruña. Unicamente é similar no concello de Cee.

Equipamentos de uso público existentes

Outro aspecto analizado que reflexa a calidade de vida é a sanidade.

Podemos ver na Táboa 14 como a excepción do Concello de Cee non existen hospitais en ningún dos Concellos, o que obriga os habitantes a desprazarse a outros concellos

Táboa 14: Hospitais

	Nº de hospitais
Galicia	46
A Coruña	17
Camariñas	0
Carnota	0
Cee	1
Corcubión	0
Dumbría	0
Fisterra	0
Mazaricos	0
Muxía	0
Vimianzo	0
Zas	0

Elaboración a partir dos datos do IGE. Ano 2008

Aspectos relacionados coa vivenda

Nestes concellos aspectos coma abastecemento e saneamento teñen moitos puntos débiles.

En canto o abastecemento de augas, parte da poboación se abastece de forma autónoma ou mediante redes veciñais. A calidade do servizo é moi diferente á que pode dar un sistema ben deseñado, tanto dende o punto de vista de caudais e presións coma de calidade e control sanitario.

Se nos metemos a analizar datos de depuración de augas residuais (Táboa 15) podemos ver como hai concellos: Dumbría e Fisterra nos cáles ningunha vivenda ten servizo de depuración de augas. No caso da recollida de residuos (Táboa 16), en concellos coma Fisterra ningunha vivenda ten ese servizo.

Táboa 15: Servizo depuración de augas

	Con servizo de depuración de augas		
	Núcleos	Vivendas	Poboación
Camariñas	0	0	0
Carnota	4	707	1.413
Cee	5	2.073	6.971
Corcubión	1	890	1.907
Dumbría	0	0	0
Fisterra	0	0	0
Mazaricos	2	184	550
Muxía	4	473	1.093
Vimianzo	12	1.609	3.617
Zas	6	1.416	2.334

Elaboración a partir dos datos do IGE. Ano 2000

Táboa 16: Vivendas con recollida selectiva de residuos

	Vivendas con recollida selectiva de residuos
Camariñas	5
Carnota	6
Cee	5
Corcubión	1
Dumbría	54
Fisterra	0
Mazaricos	86
Muxía	63
Vimianzo	3
Zas	12

Elaboración a partir dos datos do IGE. Ano 2000

1.2.6. Tecido asociativo

Táboa 17: Asociacións

Concellos	ASOCIACIÓNS									TOTAL
	Culturais, recreativas, medioamb.	Veciñais	Agrario-gandeiro	Deportes	Multisect.	Forestal	Mulleres	Turismo e hostalaría	Xuvenís	
Vimianzo	9	11	3	7	1	10	1	1	2	45
Zas	7	13	---	6	4	---	2	1	---	33
Mazaricos	2	3	20	---	1	3	1	---	---	30
Cee	6	6	---	4	8	2	4	---	---	30
Muxía	5	3	3	3	1	---	3	1	---	19
Carnota	6	5	---	1	2	3	---	---	---	17
Corcubión	7	1	---	5	3	---	---	---	1	17
Camariñas	9	4	---	---	1	---	---	3	---	17
Fistera	5	3	---	1	3	---	1	---	---	13
Dumbría	2	1	1	3	1	---	1	---	---	9
Fóra do GDR26	---	---	4	1	3	2	1	---	---	11
TOTAL	58	50	31	31	28	20	14	6	3	241
Resp. Total	24%	21%	13%	13%	12%	8%	6%	2%	1%	

Elaboración propia

O tecido asociativo do territorio en cuestión componse de 241 asociacións; 58 culturais, recreativas e medio ambientais; 50 de veciños, 31 agrarias e gandeiras así como deportivas e 20 forestais como valores máis representativos. Hai catro consellos que aglutinan a meirande parte das asociacións, son Vimianzo cun 19% do total, seguido de Zas cun 14% e por Cee e Mazaricos cun 12% (Táboa 17).

Os perfís asociativos nestes 4 concellos son ben distintos. Mentres en Vimianzo a maioría das entidades son forestais (22%) e de veciños (24%), en Mazaricos o 67% son agrarias e en Cee o valor máis destacable é un 17% de asociacións multisectoriais. No concello de Zas os valores están máis repartidos con 13 asociacións veciñais como dato salientable.

As asociación sectoriais que conforman o panorama asociativo do GDR son na súa maioría agrarias, gandeiras e forestais como é esperable ó tratarse da zona en cuestión. É o Concello de Mazaricos o que aglutina un maior número de asociacións agrarias e gandeiras representando un 65% das 31 asociacións que existen na zona. No caso das entidades de tipo forestal atópanse 10 en Vimianzo, 3 en Mazaricos e 2 en Carnota e Cee.

É destacable tamén o número de entidades multisectoriais que existen no territorio, 28 en total. En todos os concellos existe algunha entidade deste tipo salientando o concello de Cee que posúe 8.

Outro valor que sobresaí na análise dos datos é o da existencia de 50 asociacións veciñais que son o 21% do total, a maioría delas nos concellos de Zas e Vimianzo con 13 e 11 respectivamente aínda que representen valores distintos con respecto ó número total de entidades en cada un deles como son o 40 e o 24%.

1.2.7. Elementos culturais propios do territorio

Toda a Costa da Morte conta con infinidade de recursos culturais. Hai que destacar os seguintes recursos dentro da: arqueoloxía, arquitectura popular, praias, paisaxes...

Concello de Cee:

Cee conta con vestixios da existencia dun poboado moi antigo. Temos restos de cultura megalítica (culombio. 4500-2000 a.C.) como as mámoas do alto de San Pedro Mártir (A Pereiriña) e as Pedras Negras (Bermún - A Pereiriña).

O poboado prerromano que habitou esta comarca foi o dos Nérios, que desenvolveron a súa cultura dentro do mundo castrexo antes e despois da chegada dos romanos. Rastros da súa existencia son os castros do Monte do Son (Cee), Monte do Castro (Lira), Os Castros (Bermún-A Pereiriña) e Os Castros (Vilar de Toba).

Podemos destacar en Cee restos de arquitectura popular como son: o castelo do príncipe do século XVII e o pazo de Cotón do século XVII-XVIII de estilo barroco.

Cee conta con paraxes de interese coma a ría de Lires, un paraíso no medio da costa abrupta e salvaxe e praias coma: a praia de Estorde, de Gures, de Lires e da concha. Tamén hai que destacar os muíños de Toba.

Pódese visitar tamén a antiga escola das nenas onde está a colección da Fundación Fernando Blanco de Lema.



Muíños de Toba

Concello de Corcubión:

No concello de Corcubión hai que destacar restos arqueolóxicos como o Castro de Quenxe ou o de Redonda. Edifícios civís como o Pazo dos Condes de Altamira, o Castelo do Cardeal, a Casa do Concello, o antigo Cárcere do Partido e o antigo xulgado; ou casas como a de Teixeira, a de Miñóns ou as edificacións burguesas da Avenida da Constitución. Entre os edificios relixiosos salienta a igrexa de estilo gótico mariñeiro de San Marcos, presidida pola magnífica talla renacentista italiana do evanxelista, a igrexa románica de San Pedro de Redonda ou as capelas de Santo Antonio ou do Pilar.

O municipio conta con paraxes de interese como o Monte de Santo André con un miradoiro sobre a ría ou o Cabo Cee desde o que se enxerga unha espectacular vista da Ría de Corcubión, con Fisterra, as illas Lobeiras ou o monte do Pindo como marco.

Corcubión conta con bonitas praias aptas para o baño como a de Quenxe -bandeira azul- ou as de Sta. Isabel e a do Castelo.



Castelo do Cardeal

Concello de Dumbría:

En Dumbría podemos encontrar unha grande cantidade de castros, a destacar está o Castro de Alvarellos, de Berdeogas, Logoso, Regoelle, Teixeiras, tamén o dolmen da Pedra da Arca e os petróglifos de Pedra Ancha.

Dentro da arquitectura popular temos: a fonte milagrosa de Santa Lucía, o conxunto monumental de Berdeogas, que ademais da Igrexa de Santiago do Século XII, conta coa Rectoral, o pombal e o hórreo, e a Ponte de Ponte Olveira do século XVI, sitúase sobre o río Xallas dividindo os concellos de Dumbría e Mazaricos.

En Ézaro atopamos a única cascada do sur de Europa que cae directamente ó mar cando abren a presa do río Xallas, a apertura realízase en inverno e en verán en horarios turísticos.

En Ézaro tamén atopamos a praia de Ézaro, enseada de espectacular beleza.



Cascada de Ézaro

Concello de Fisterra:

Considerado durante séculos un dos “*finisterres*” da civilización occidental, é un dos extremos máis occidentais da costa galega.

No seu Cabo (Patrimonio Europeo) estaría o “*Ara Solis*” , ou templo dedicado ó Sol. O seu simbolismo impresionou á moitos pobos, especialmente ós romanos.

No alto do monte Facho atópanse os restos da ermida de San Guillermo destruída no século XVIII, relacionada con ritos de fecundidade.

A igrexa de Santa María, é a superposición de varios estilos, dende o románico (s. XII) ata o barroco. No seu interior vénerase á imaxe do “*Cristo da Barba Dourada*”, de estilo gótico.

Ten gran importancia o faro de Fisterra, construído en 1853 a 138 m sobre o nivel do mar, segundo punto turístico máis visitado de Galicia.

O Castelo de San Carlos data de mediados do século XVIII e formaba parte dun plan defensivo da ría de Corcubión. Na actualidade alberga o Museo do Mar.

O municipio de Fisterra conta con nove praias: Langosteira, Mar de Fóra, Rostro, Arnela, Ribeira, Corveiro, Sardiñeiro, Talón e Restrelo.



Faro de Fisterra

Concello de Muxía:

O chegar a Muxía, o viaxeiro descubre as espectaculares paisaxes, numerosos monumentos, increíbles praias e espazos de interese arquitectónico e cultural.

Destaca especialmente as vistas panorámicas como o “Faro Touriñan”, “Miradoiro O Facho” ou “Miradoiro o Corpiño”.

As rutas Xacobeas que rematan no Santuario da Barca e as pedras do entorno “Pedra de Abalar”, a dos “Cadrís”, a dos “Namorados” e a da “Cabeza”.

As rutas do Románico relacionadas co mosteiro de San Xiao de Moraime, San Martiño de Ozón, San Pedro de Leis, e Santa María de Morquintían, entre outras.

De interese natural destacan as praias de Lourido, Area Maior, O Lago, Nemiña e Espiñeirido.



Igrexa de Moraime

Concello de Carnota:

O concello de Carnota conta cun amplo inventario de recursos patrimoniais, naturais e paisaxísticos así como unha rica tradición etnográfica destacando diversos xacementos datados en diferentes idades cronolóxicas como os castros de Mallou e Miñarzo, as estacións de petróglifos da Laxe Escrita, Portaventosa ou Rego Lamoso así como os asentamentos fortificados do Pedrullo e Peñafiel.

Como valores naturais destaca o mitolóxico Monte Pindo e o complexo de Marisma e zona Dunar de Carnota, reduto de endemismos propios e únicos, representantes da rica biodiversidade dos ecosistemas carnotáns.

Salientar tamén elementos da arquitectura popular como os hórreos de Carnota (declarado monumento nacional), o de Lira e un amplo conxunto de arquitectura civil e relixiosa onde destaca a igrexa de Carnota e San Mamede así como os conxuntos de muíños da Curra e Vadebois.

A nivel paisaxístico nomear as súas amplas praias, de area branca e fina destacando a praia de Carnota, a maior de Galicia con 7 km., a de Lariño, Mar de Lira e San Pedro do Pindo.



Val de Carnota

Concello de Camariñas:

Camariñas conta con recursos patrimoniais e medio ambientais de gran interese:

Zonas arqueolóxicas con pegadas da cultura megalítica e dos castros como o Casto da Croa no Monte do mesmo nome na parroquia de Camariñas e a Mámoa de Reira situado preto da costa. Exemplos de arquitectura relixiosa interesantes como a Capela da virxe do Monte con impresionantes vistas á ría, Capela do Carme e Igrexa de San Xurxo do século XVIII con retablo do mestre Ferreiro na parroquia de Camariñas. En Xaviña destaca a Igrexa de Santa Mariña do século XII

De arquitectura civil e etnográfica e situados na costa atopamos o cemiterio dos ingleses onde están os restos das vítimas do naufraxio do *Serpent*, un dos múltiples naufraxios ocorrido nesta zona, tamén atopamos nesta zona o Foxo dos Lobos, restos ben conservados de interese etnográfico en zona costeira e o Faro Vilán e antigo faro.

En Camariñas encontramos os restos do Castelo do Soberano do século XVII e en Xaviña temos o Pazo dos Mouzos do s. XVIII e o Pazo de Paxariñas s. XVI nun lugar privilexiado da ría de Camariñas. Salientan tamén os muíños e as pontes do Concello, especialmente na parroquia de Ponte do Porto en na súa ruta dos muíños. Non podemos esquecer en Camelle o Museo de Man onde o artista anacoreta Man Gardiner deixou a súa moi singular produción artística.

A zona costeira pertence á Rede Natura 2000, é lugar de interese comunitario e zona de protección das aves. Dende o Faro Vilán ata Camelle podemos atopar elementos da paisaxe de gran interese: esculturas rochosas naturais ao longo de todo o recorrido, duna rampante en Monte Branco, coídos (praias de cantos rodados) que datan do cuaternario, furnas... É salientable a riqueza de flora e avifauna desta zona.

Camariñas presenta unha gran variedade de praias, dende as tranquilas augas das praias situadas



na ría, dotadas de servizos e con bos accesos, ata praias solitarias, virxes e de fía area situadas na zona da costa atlántica. Entre as primeiras podemos salientar o Ariño, Lingunde e Area da Vila, e situada na costa atopamos Camelle, Arou, Santa Mariña, Lobeiras, Pedrosa, Reira, Trece e Lago Norte, entre outras.

Concello de Vimianzo:

Mámoas, dolmens, petróglifos e castros espallados por toda a xeografía do municipio son proba de antigos asentamentos e construcións, moitos deles nun espléndido estado de conservación. A través da necrópole de Tines podemos coñecer algo máis dos romanos e suevos. Importantes camiños antigos cruzaron este municipio, que foi testemuña de peregrinacións multitudinarias, dando orixe a pobos e templos cristiáns. O Castelo de Vimianzo e numerosos pazos e casas nobres son proba da interese da nobreza por estas Terras de Soneira.

As abundantes ermidas, capelas e igrexas, e tamén os cruceiros, pontes e fontes, traen ata os nosos días a arte de autores de distintos séculos e estilos. Especial mención merece o pórtico da Igrexa de Cereixo que recolle a máis antiga representación pétrea da Traslación do Apóstolo Santiago e que é motivo dun irmanamento con Santa Marta de Tera (Zamora).

Os muíños e o conxunto de batáns do Mosquetín lembran o enxeño do pobo aproveitando a forza da auga para satisfacer as súas necesidades cotiás. Enxeño que se estende ás mans, que a través do relevo xeracional conservaron antigos oficios, entre os que destaca o de palilleira polo número de mulleres que aínda hoxe elaboran o encaixe de bolillos.

Todo isto, únese a paraxes naturais moi interesantes, coma o Alto de San Bartolo, o río Grande co seu coto de pesca, a ría en Cereixo e o mar en Sabadelle, que forma parte da Rede Natura.



Castelo de Vimianzo

Concello de Zas:

Este concello conta cunha notable riqueza megalítica (IV-III milenio a.C.), tanto pola súa abundancia de antas e mámoas, como pola importancia dalgunha delas. A anta máis coñecida é a Arca da Piosa, na parroquia de Muíño.

Tamén conta con importantes restos arqueolóxicos da época romana, aínda que a romanización foi tardía pero bastante intensa. Sen dúbida o lugar de Brandomil, foi o asentamento romano máis importante. O entorno da Ponte de Brandomil, foi acondicionado polo concello como área recreativa composta por merendeiro e praia fluvial.

Símbolos da arquitectura popular son As Torres do Allo, e os Pazos de Romelle, Edreiras, Daneiro e Follente, así como a Ponte de Brandomil e a Casa Consistorial.

Podemos visitar diversos entornos naturais como o Pico de Meda, a Área recreativa de Pedra Vixía, a Carballeira de Baio e de Zas.

A artesanía está representada polo liño, na localidade de Baio podemos encontrar o Museo do Liño.



Torres do Allo

Concello de Mazaricos:

Inmensos e verdes praderías, bosques frondosos, montañas repentinas y ríos rumorosos compoñen a estampa bucólica de Mazaricos. A Devesa de Chapín, encaixonada nun barranco feito polo río de Santa Baia é un bo exemplo da nosa paisaxe natural.

Sobre a enorme penillanura de Mazaricos discorren encaixados os cauces do río Xallas e dos seus afluentes. Mención aparte merece a Devesa de Anllares, a fraga autóctona máis occidental de Europa, que franquea o río Xallas durante dous quilómetros.



Mazaricos conta con abundante patrimonio de carácter relixioso espallado por todo o concello: igrexas como a de San Xoán de Mazaricos e Santa María de Coiro; capelas como a da Virxe do Monte; e cruceiros levantados tanto nos atrios das igrexas como nos camiños.

Destaca en especial o Dolme da Parxubeira (da época do neolítico) na localidade de Corveira.

En canto a festas destacan a “Festa do Bolo do Pote” e a “Festa da Fervenza” eventos estes de exaltación dos produtos mazaricanos.

Moitas das tradicións relacionadas co traballo fóronse perdendo pero aínda quedan algunhas como o Entroido formado por grupos e comparsas.

Da artesanía compre destacar o sancosmeiro, feito de palla e noutro tempo peza fundamental da indumentaria de traballo.

1.3.MERCADO DE TRABALLO

No estudio da actividade e a ocupación a fonte básica é o censo de poboación e vivenda con datos do 2001. Esta fonte restrinxe a mostra analizada a persoas maiores de 16 anos, residentes en vivendas familiares dentro da área estudada.

Todo o territorio da Costa da Morte ten unhas taxas de actividade moi pobres con respecto a outras zonas da provincia.

Táboa 18: Taxa actividade, ocupación e paro

TAXA DE ACTIVIDADE, OCUPACIÓN E PARO									
	Total			Homes			Mulleres		
	Taxa actividade	Taxa ocupación	Taxa de paro	Taxa de actividade	Taxa de ocupación	Taxa de paro	Taxa de actividade	Taxa de ocupación	Taxa de paro
Galicia	50,7	44,3	12,5	62,1	55,9	9,9	40,3	33,8	16,1
A Coruña	51,0	44,6	12,5	62,4	56,2	9,9	40,7	34,1	16,2
Camariñas	41,1	37,2	9,4	54,1	49,4	8,8	28,7	25,7	10,5
Carnota	43,1	37,4	13,1	53,9	47,4	12,1	33,2	28,4	14,4
Cee	47,9	41,6	13,1	63,2	57,0	9,8	34,1	27,7	18,8
Corcubión	47,1	41,6	11,7	62,2	57,1	8,2	33,2	27,3	17,8
Dumbría	44,3	40,1	9,5	59,3	55,0	7,3	30,3	26,2	13,6
Fisterra	44,8	39,4	12,0	63,4	57,9	8,8	26,0	20,8	20,0
Mazaricos	48,7	40,4	17,1	58,1	49,0	15,7	40,3	32,7	18,9
Muxía	41,7	38,4	7,9	58,0	53,9	7,1	26,2	23,6	9,7
Vimianzo	50,8	43,7	13,9	62,7	57,0	9,1	39,8	31,5	20,9
Zas	45,7	41,9	8,4	58,9	54,3	7,8	33,4	30,3	9,3
COSTA DA MORTE	45,52	40,17	11,61	59,38	53,8	9,47	32,52	27,42	15,39

Elaboración a partir dos datos do IGE. Ano 2001

Analizando as taxas de ocupación e paro (Táboa 18) observamos como o valor de ocupación total é inferior á porcentaxe de Galicia e da provincia da Coruña.

Se nos fixamos no caso das mulleres, a diferenza é moito maior. Hai moitas menos mulleres traballadoras con respecto os homes que en toda a provincia e Galicia.

Analizando a situación do paro na Costa da Morte, temos concellos como Mazaricos con fortes reducións do paro e outros municipios como Cee con enormes variacións positivas contrarias á evolución da provincia.

Se analizamos a Táboa 19 de paro por idades, na Costa da Morte, temos 9.6% de parados menores de 25 anos fronte o total de parados. Podemos comparar o valor co valor de Galicia do 10.12% e o da provincia da Coruña do 9.5%, o valor é moi similar.

Táboa 19: Paro por idades

PARO POR IDADE E SEXO.				
	Homes		Mulleres	
	Menores de 25 anos	25 e mais anos	Menores de 25 anos	25 e mais anos
Galicia	6.941	47.724	8.298	87.582
A Coruña	2.664	19.932	3.176	35.863
Camariñas	24	138	37	255
Carnota	7	82	15	134
Cee	22	172	28	346
Corcubión	5	36	4	63
Dumbría	6	73	14	108
Fisterra	20	105	20	177
Mazaricos	8	130	15	89
Muxía	12	136	29	234
Vimianzo	9	178	24	281
Zas	7	106	11	142
COSTA DA MORTE	120	1.156	197	1.829

Elaboración a partir dos datos do IGE. Ano 2007

Cando observamos a Táboa 20 de datos de ocupación da poboación por sectores de actividade, vemos que o sector que máis peso ten, é o sector servizos ó igual que a nivel de Galicia e da provincia da Coruña.

Táboa 20: Ocupación por sectores

OCUPACIÓN POR SECTORES						
	Total	Agricultura, gandería, caza e silvicultura	Pesca	Industria	Construción	Servizos
Galicia	1.035.178	79.289 (7,66%)	35.211 (3,40%)	193.581 (18,70%)	127.505 (12,32%)	599.592 (57,92%)
A Coruña	424.910	26.082 (6,14%)	14.773 (3,48%)	76.302 (17,96%)	53.276 (12,54%)	254.477 (59,89%)
Camariñas	2.060	53 (2,57%)	549 (26,65%)	361 (17,52%)	394 (19,13%)	703 (34,13%)
Carnota	1.852	60 (3,24%)	276 (14,90%)	430 (23,22%)	321 (17,33%)	765 (41,31%)
Cee	2.576	132 (5,12%)	92 (3,57%)	473 (18,36%)	472 (18,32%)	1.407 (54,62%)
Corcubión	701	5 (0,71%)	25 (3,57%)	81 (11,55%)	88 (12,55%)	502 (71,61%)
Dumbría	1.485	246 (16,57%)	20 (1,35%)	291 (19,60%)	442 (29,76%)	486 (32,73%)
Fisterra	1.721	73 (4,24%)	579 (33,64%)	121 (7,03%)	251 (14,58%)	697 (40,50%)
Mazaricos	2.047	738 (36,05%)	12 (0,59%)	232 (11,33%)	424 (20,71%)	641 (31,31%)
Muxía	2.043	337 (16,50%)	288 (14,10%)	262 (12,82%)	438 (21,44%)	718 (35,14%)
Vimianzo	3.251	591 (18,18%)	29 (0,89%)	698 (21,47%)	794 (24,42%)	1.139 (35,04%)
Zas	2.235	474 (21,21%)	9 (0,40%)	398 (17,81%)	498 (22,28%)	856 (38,30%)
COSTA DA MORTE	19.971	2.709 (13,56%)	1.879 (9,41%)	3.347 (16,76%)	4.122 (20,64%)	7.914 (39,63%)

Elaboración a partir dos datos do IGE. Ano 2001

Hai que fixarse en Mazaricos onde a maior ocupación está na agricultura, e en concellos coma Dumbría, onde a construción ten un peso importante.

No caso de Corcubión habería que destacar o elevado porcentaxe de ocupados no sector servizos, en centros administrativos e de comercio.

O emprego na agricultura segue tendo moito máis peso na Costa da Morte que en Galicia e A Coruña, ó igual que a pesca e a construción.

1.4.ANÁLISE SECTORIAL

O sector primario, pesca, agricultura, gandería e as actividades forestais, é no que se fundamenta a economía da A Costa da Morte, aínda que nos últimos anos houbo un gran avance dos sectores servizos, turismo e o téxtil. A industria segue sendo escasa, aínda que existen empresas de referencia a nivel internacional.

O avance das vías de comunicación e das infraestruturas, así como os parques industriais proxectados, comezan a crear expectativas de futuro a medio prazo.

A agricultura e a gandería da zona, a pesar do abandono destas actividades produtivas, continúan abastecendo cunha ampla variedade de produtos de horta, entre os que destacan a pataca, a faba, e carne de gran calidade, ós mercados da comarca. Nalgún momento, estas terras foron denominadas como o celeiro de Galicia pola súa fertilidade e a calidade dos seus produtos. Prevalecen os métodos de produción tradicional de aí a garantía dos produtos que serven de base a rica gastronomía de A Costa da Morte, aínda que as veces repercute negativamente na rendibilidade das empresas.

A pesca e o marisqueo abastecen os mercados dos mellores produtos que o mar pode ofrecer a nivel mundial. A gran variedade de pescados e mariscos e a calidade das bravas augas deste territorio, fan que estean moi ben considerados e teñan unha gran demanda en tódolos mercados. A Costa da Morte é sen dúbida un lugar inigualable para gozar da mellor cociña baseada no pescado e no marisco.

Outras actividades importantes son a construción, que estivo experimentando un boom inmobiliario ata este ano 2008, como xa pasou noutros territorios, e o téxtil.

Se collemos os datos do IGE de centros de traballo (Táboa 21), observamos o seguinte:

Táboa 21: Centros de traballo

CENTROS DE TRABAJO					
	Todos os sectores agás a construción	Agricultura e pesca	Industria	Servizos	Construción
Galicia	8.818	233	751	7.834	10.734
A Coruña	3.062	62	240	2.760	4.744
Camariñas	11	1	2	8	17
Carnota	3	1	0	2	34
Cee	11	0	2	9	23
Corcubión	8	0	0	8	12
Dumbría	0	0	0	0	8
Fisterra	2	0	0	2	45
Mazaricos	4	0	1	3	13
Muxía	3	0	0	3	12
Vimianzo	7	3	1	3	11
Zas	6	1	1	4	3
COSTA DA MORTE	55	6	7	42	178

Elaboración a partir dos datos do IGE. Ano 2006

Como se viu na táboa de poboación activa por sectores, o sector con máis peso na Costa da Morte é o sector servizos, conta con 42 centros de traballo.

O sector que hai que destacar é o sector da construción que conta con 178 centros de traballo fronte os 4.744 centros de toda a provincia.

O sector menos relevante en canto a centros de traballo é o da agricultura e pesca.

Sector agrario e forestal:

En canto o sector agrario temos que destacar na zona da Costa da Morte unha maior cantidade de explotacións dedicadas a bovino de leite e outra parte (Concellos de Fisterra, Cee e Corcubión) dedicada tamén a cultivos.

Se nos fixamos nas zonas arboradas, a comarca de Terra da Soneira ten unha gran presenza de especies de crecemento rápido.

Táboa 22: Superficie forestal e arborizada

	Superficie forestal	Arborizada
Camariñas	3.930	2.553
Carnota	5.095	3.199
Cee	4.279	3.877
Corcubión	463	409
Dumbría	7.599	5.308
Fisterra	2.014	1.719
Mazaricos	8.713	5.649
Muxía	8.738	7.863
Vimianzo	12.612	11.547
Zas	7.357	6.805
TOTAL	60.800	48.929

Elaboración a partir dos datos do IGE. Ano 2004

Táboa 23: Superficie ocupada por terra labrada e por monte

	Total	Terras labradas	Terras para pastos permanentes	Especies arbóreas e forestais	Outras terras non forestais
Galicia	2.041.799	258.878	437.812	605.160	739.948
A Coruña	509.597	64.183	137.082	177.452	130.879
Camariñas	2.706	183	41	1.703	779
Carnota	4.474	160	100	1.238	2.976
Cee	3.128	356	368	1.703	702
Corcubión	371	44	8	204	115
Dumbría	9.044	760	2.199	2.655	3.430
Fisterra	1.229	192	86	852	99
Mazaricos	16.150	1.269	7.089	2.676	5.114
Muxía	8.557	975	2.030	4.461	1.091
Vimianzo	12.553	1.031	2.613	6.063	2.846
Zas	11.203	797	2.683	6.388	1.335
TOTAL COSTA DA MORTE	69.415	5.767	17.217	27.943	18.487

Elaboración a partir dos datos do IGE. Ano 1999

Podemos fixarnos na superficie agraria ocupada por terras labradas e na superficie forestal. A superficie ocupada por especies arbóreas e forestais é maior que a ocupada por terras labradas e de pastos (Táboa 23).

En canto o gando ó número de cabezas de cada tipo é o que aparece na Táboa 24:

Táboa 24: Cabezas de gando

	Bovinos	Ovinos	Caprinos	Porcinos	Equinos	Aves	Coellas nais
Galicia	856.728	33.535	4.853	326.747	38.420	195.368	5.212
A Coruña	336.329	5.930	615	97.104	10.962	19.742	1.500
Camariñas	161	23	3	93	99	52	6
Carnota	283	3	0	104	28	74	2
Cee	862	25	2	500	58	79	11
Corcubión	27	3	2	11	2	9	2
Dumbría	6.005	109	8	393	104	118	13
Fisterra	257	14	9	98	79	46	21
Mazaricos	17.240	91	5	937	86	342	33
Muxía	5.369	150	21	1.049	130	142	9
Vimianzo	7.634	149	6	529	253	355	24
Zas	7.790	155	4	1.199	38	188	25
TOTAL COSTA DA MORTE	45.628	722	60	4.913	877	1.405	146

Elaboración a partir dos datos do IGE. Ano 1999

Pódese apreciar a grande cantidade de cabezas de bovino que hai na zona seguida do porcino, situados respectivamente nos Concellos de Mazaricos e Zas. Tamén é salientable a cantidade de aves que hai na Costa da Morte, fundamentalmente en Vimianzo e Mazaricos.

Sector industria, construción e servizos:

Táboa 25: Nº empresas por sectores

	2000			2007		
	Industria, incluída a enerxía	Construción	Servizos	Industria, incluída a enerxía	Construción	Servizos
Galicia	16107	23673	135608	18441	32265	186103
A Coruña	6314	9143	58188	7173	12852	79605
Camariñas	41	60	262	48	89	350
Carnota	41	44	167	38	52	196
Cee	46	85	426	50	112	613
Corcubión	5	12	79	7	14	91
Dumbría	24	32	70	30	52	95
Fisterra	12	25	167	11	40	226
Mazaricos	22	43	150	27	62	193
Muxía	40	51	156	36	69	199
Vimianzo	78	132	340	85	174	481
Zas	41	76	273	46	105	330
COSTA DA MORTE	350	560	2.090	378	769	2.774

Elaboración a partir dos datos do IGE. *Non se dispón de datos ata o 2.000

Prodúcese un aumento dende o ano 2000 ata o ano 2007 dos establecementos dos tres sectores, Industria, Construción e Servizos, pero en maior medida no caso do sector servizos (Táboa 25).

A nivel da provincia e da Comunidade a situación é moi similar.

Dentro do sector servizos os datos do IGE do número de hoteis, establecementos e campamentos de turismo reflíctense na seguinte Táboa nº26:

Táboa 26: N° establecementos turismo

	Hoteis		Turismo rural		Campamentos de turismo	
	Establecementos		Establecementos		Establecementos	
	2003	2007	2003	2007	2003	2007
Galicia	582	767	442	540	111	113
A Coruña	148	219	114	147	48	50
Camariñas	0	2	1	0	0	0
Carnota	0	1	0	2	0	0
Cee	3	3	3	3	1	1
Corcubión	3	3	0	0	0	0
Dumbría	0	0	1	1	0	0
Fisterra	4	7	0	0	0	0
Mazaricos	1	2	0	0	0	0
Muxía	2	1	1	1	3	3
Vimianzo	0	0	0	1	0	0
Zas	1	1	0	0	0	0
COSTA DA MORTE	14	20	6	8	4	4

Elaboración a partir dos datos do IGE.

O turismo sufriu un pequeno crecemento nos últimos anos na Costa da Morte, isto vese reflectido no aumento dos hoteis e establecementos de turismo rural dende o ano 2000 ata o ano 2007.

A zona da Costa da Morte considerase unha área de preferente actuación turística, de aí a elaboración do plan de dinamización turística para o período 2003-2007, entre as actuacións levadas a cabo podemos destacar as de promoción do destino a través da creación dunha páxina web propia, a edición de folletos turísticos, a asistencia a feiras, etc. Na actualidade estanse promovendo a través da asociación profesional do Sector turístico da Costa da Morte, unha serie de paquetes turísticos. No obstante, existe unha dificultade para atraer ao turista á Costa da Morte, que moitas veces é por escasa promoción do destino, pero tamén a falta de produto turístico que resulte atractivo para o turista de fora de Galicia.

6. DETERMINACIÓN DE ESTRANGULAMENTOS E POTENCIALIDADES

Táboa 27: Análise DAFO sociodemográfica

ANÁLISE INTERNO	FORTALEZAS	DEBILIDADES
	- A diversidade xeográfica, a presenza do mar e a climatoloxía determinan a riqueza de infinidade de recursos. - Importancia de actividades como a pesca e o marisqueo. - Tradición emprendedora da poboación.	- Deficiencias en infraestruturas e equipamentos de servizos básicos. - Poboación dispersa por todo o territorio. - Envellecemento da poboación. - Crise do sector pesqueiro. - Escasa innovación. - Baixas taxas de actividade e ocupación. - Desigualdade no mercado laboral segundo o xénero. - Alto nivel de emigración. - Cultura individualista, pouca cultura do asociacionismo. - Desequilibrio na oferta formativa ademais de pouca oferta. - Pouco coñecemento da poboación autóctona da súa propia riqueza.
	<u>Sector agroalimentario e forestal</u> - Posibilidades de cultivo de novos produtos. - Grande fertilidade das terras. - Capacidade para a extensión da produción aproveitando as superficies abandonadas e infrautilizadas. - Mellora da industria cárnica, láctea e produción de alimentos para o gando. - Cultivos hortícolas, vinculados a hortas familiares, cunha crecente adaptación aos mercados. - Diferenciación de produtos de calidade como a pataca e os queixos. - Importancia da gandería bovina de leite. - Gran potencial produtivo do sector forestal.	<u>Sector agroalimentario e forestal</u> - Perda de peso do sector agrario. - Diminución da ocupación agraria. - Pequena dimensión das explotacións. - Escaso nivel de formación. - Baixa produtividade do traballo agrario, pouca mecanización. - Renda por debaixo da renda media galega. - Pouco peso da industria agroalimentaria. - Baixo relevo xeracional nas explotacións. - Falta de adecuación de infraestruturas e maquinaria para traballar novos produtos (horta). - Falta de empresas comercializadoras.
	<u>Integración do medio no medio rural</u> - Existencia de terreos de alto valor económico e ambiental. - Esfuerzo pola protección do medio e das especies. - Desenvolvemento da rede Natura 2000. - Recursos únicos como é ter o Finisterrae.	<u>Integración do medio no medio rural</u> - Acumulación de substancias tóxicas no solo e na auga. - Fosas de almacenamento de residuos nas explotacións mal dimensionadas. - Aumento da contaminación pola concentración de explotacións de vacún. - Danos no medio pola actividade agraria. - Escasa conservación do patrimonio natural.
	<u>Calidade de vida</u> - Desenvolvemento do turismo rural. - Proxecto de acceso a internet nas zonas rurais.	<u>Calidade de vida</u> - Deficiencias nas infraestruturas. - Deficiencias na sanidade, servizos sociais... - Diferenzas importantes entre homes e mulleres. - Dispersión da poboación. - Servizos de transporte escasos entre municipios e coas principais cidades Santiago e Coruña. - Proliferación de empresas familiares e pouco profesionalizadas.

	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
ANÁLISE EXTERNO	- Chegada de poboación estranxeira. - Existencia de fondos europeos para a mellora das zonas rurais. - Novas infraestruturas próximas con gran proxección: porto exterior.	- Aumento da competencia en prezos e custos. - Integración social e económica da migración. - Competencia con outros territorios a hora de obter fondos.
	<u>Sector agroalimentario e forestal</u> - Maior apoio da administración aos proxectos de I+D+i. - Importancia e demanda dos produtos de calidade e dos produtos ecolóxicos. - Pouca xente nova pero mellor formada. - Novas tecnoloxías para usar na agricultura, gandería e explotación forestal. - Reordenación forestal.	<u>Sector agroalimentario e forestal</u> - Competencia cos produtos agroalimentarios procedentes doutros lugares. - Maior esixencia en calidade e seguridade. - Incremento de custos na produción. - Extensións agrarias de pequena dimensión e polo tanto pouco rendibles.
	<u>Integración do medio no medio rural</u> - Aumento da demanda de espazos naturais. - Posibilidade de uso de enerxías renovables. - Uso de novas tecnoloxías.	<u>Integración do medio no medio rural</u> - Aumento do número de especies en perigo. - Incendios forestais. - Abandono de terras.
	<u>Calidade de vida</u> - Fomento da boa imaxe turística da Costa da Morte. - Mellora no acceso da muller ó mercado de traballo. - Multitude de recursos naturais, arqueolóxicos, etc. que non están postos en valor. - Novos turistas que demandas novas ofertas.	<u>Calidade de vida</u> - Despoboamento do territorio. - Competencia con outros destinos turísticos. - Empresas doutros territorios que cobren cada vez máis as necesidades da Costa da Morte (Empresas comercializadoras e distribuidoras,...).

Elaboración propia

7. OBXECTIVOS

Para a definición dos obxectivos que se pretenden acadar dentro do GRD da Costa da Morte, fíxose un análise da situación actual do territorio de Costa da Morte para identificar as súas ameazas, fortalezas, debilidades e oportunidades. Ademais convocáronse en Mesas Sectoriais aos distintos axentes económicos e sociais do territorio cos cales se debateron as conclusións do análise realizado e en consecuencia, a estratexia a marcar para o desenvolvemento do territorio, e polo tanto fixar uns obxectivos que se pretenden acadar con esta estratexia.

Consideramos importante reseñar cales son as Directrices Estratéxicas Comunitarias para o Desenvolvemento Rural e os Eidos fundamentais do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia, que indicamos a continuación:

Directrices Estratéxicas Comunitarias para o Desenvolvemento Rural

- Mellorar a competitividade agraria
- Mellorar o ambiente e o ámbito rural
- Mellorar a calidade de vida nas zonas rurais e diversificar a economía rural
- Desenvolver a capacidade local de creación de emprego e diversificación
- Garantir a coherencia da programación
- Complementariedade entre instrumentos comunitarios

Eidos fundamentais do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia

- A Economía agroalimentaria
- O ambiente
- A economía e as poboacións rurais

Neste senso, o Programa de Desenvolvemento Rural do territorio Costa da Morte, en función das conclusións arroxadas no Análise e a información recollida nas Mesas establece os seguintes obxectivos xenerais para o territorio:

Obxectivo 1: Mellorar a calidade de vida e a economía local.

Obxectivo 2: Aumentar a profesionalización dos recursos humanos.

Obxectivo 3: Potenciar o crecemento das economías agraria e forestal.

Obxectivo 4: Fomentar a sostibilidade na economía local

Para a materialización destes obxectivos xenerais, podemos establecer unha serie de obxectivos intermedios ligados a cada un deles, tal e como se indica a continuación:

Obxectivo 1: Mellorar a calidade de vida e a economía local.

Obxectivos intermedios:

- 1.1. Diversificar a economía do medio rural e aumentar a renda das familias agrarias.
- 1.2. Difundir e inculcar dinámicas de cooperación entre sectores diferentes da economía local, para ofrecer novos produtos ou servizos (produtos turísticos, de lecer, etc.).
- 1.3. Sensibilizar a poboación sobre as posibilidades do medio rural como destino turístico, valorizando o patrimonio natural, cultural e paisaxístico.

Obxectivo 2: Aumentar a profesionalización dos recursos humanos.

Obxectivos intermedios:

- 2.1. Mellorar o coñecemento dos profesionais nos distintos sectores cara a unha maior profesionalización.
- 2.2. Sensibilizar aos profesionais das necesidades da formación fronte ao inicio de novas actividades.
- 2.3. Fomentar a capacitación do persoal activo que traballa nos distintos sectores produtivos e de servizos, nos aspectos técnicos e económicos da actividade que deben desempeñar.

Obxectivo 3: Potenciar o crecemento das economías agrarias e forestal.

Obxectivos intermedios:

- 3.1. Mellorar a competitividade das explotacións e do sector forestal mediante a adaptación das súas producións ao mercado. Novas producións.
- 3.2. Incorporar as novas tecnoloxías nun sectores tan tradicionais coma o agrario e o forestal, e camiñar cara a modernización das mesmas.
- 3.3. Axudar a diminuír ó abandono do traballo das terras.
- 3.4. Acercar os estándares de calidade a estes sectores tradicionais.
- 3.5. Favorecer a elaboración e comercialización dos produtos.
- 3.6. Potenciar a mellora do dimensionamento das explotacións e extensións forestais para lograr unha maior eficiencia do negocio.

Obxectivos 4: Fomentar a sostibilidade na economía local.

Obxectivos intermedios:

- 4.1. Promover a utilización de prácticas agrarias respectuosas co medio ambiente.
- 4.2. Previr os incendios forestais.
- 4.3. Protexer a conservación da paisaxe e o patrimonio natural e cultural.

Estes obxectivos xenerais e intermedios están enfocados a dinamizar e impulsar fortemente a economía do territorio do GDR de Costa da Morte e están moi enfocados en mellorar a profesionalización dos recursos humanos dos distintos sectores de actividade da zona, e en integrar o medio rural como unha economía competitiva e que ofrece e aporta calidade de vida á poboación.

O Plan de desenvolvemento rural do GDR márcase un horizonte onde se estableza unha forma de traballo e crecemento en redes de cooperación entre os distintos axentes locais, tanto públicos, como privados, e pertencentes a distintos sectores da economía, agricultura, forestal, turismo, actividades de ocio, actividades deportivas, industria madeireira, actividades náuticas, servizos sociais, etc.

Este crecemento debe producirse en condicións de consenso, de xeito que a poboación e máis concretamente os axentes da economía local son conscientes de cales son as súas debilidades e fortalezas, cales son as ameazas e oportunidades do entorno, e móstranse dispostos a traballar con iniciativas de cooperación entre eles e acadar, deste xeito un salto notable na competitividade da súa economía.

Con estas premisas, establécese unha estratexia descrita a través das liñas de actuación indicadas nos seguinte apartado.

4.LIÑAS DE ACTUACIÓN

Atendendo á estrutura proposta na propia convocatoria do programa LEADER- GALICIA 2007-2013, e tendo en conta ás necesidades que ten o territorio, consideramos que as liñas deben seguir as seguintes directrices:

4.1.DINAMIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL

Investimentos no sector agrario. Proxectos de investimento en explotacións agrarias, coa finalidade de mellorar o seu rendemento global.

Accións a desenvolver:

- Investimentos en novas tecnoloxías de produción en explotacións agrarias.
- Investimentos nas granxas de porcino para o fomento da marca da calidade: porco celta.
- Instalacións de enerxías alternativas nas explotacións (xeotérmica, ..).
- Actuacións para a mellora medioambiental das explotacións agrarias
- Investimentos en instalacións agrarias con Micrófonos e Webcam para a comunicación directa cos centros de interese (centros fitopatolóxicos para a detección de pragas e enfermidades, e cos centros metereolóxicos para anticiparse as xeadas, néboas...).
- Investimentos en actividades de comercialización mediante TIC's (internet, etc).

Aumento do valor engadido dos montes. Proxectos que impliquen a posta en valor de superficies de montes veciñais en man común ou de asociacións de propietarios, sempre que sexan actuacións singulares, excluindo as plantacións ou actuacións forestais regulares e os tratamentos silvícolas asociados a elas. Mantemento e recuperación de sistemas pastorís en Montes veciñais en Man común.

Accións a desenvolver:

- Investimentos na creación empresarial de servizos de asesoramento para mellorar a xestión das explotacións e dos montes.
- Investimentos necesarios para a posta en funcionamento nas asociacións dos UXFOR para a explotación dos montes.
- Impulso da plantación de frutícolas para a produción de sidra.
- Iniciativas de aproveitamento do sotobosque mediante explotacións gandeiras (vacas, ovellas, etc)

- Iniciativas para a posta en valor do patrimonio do monte. Fonte de riqueza económica.
- Implantación de Certificacións forestal sostible (FSC, PEFC,...).
- Investimentos na mellora da calidade e seguridade dos produtos mediante o establecemento de Sistemas de Calidade e Trazabilidade.
- Viveiro de plantas ornamentais (acevos, camelias,...) con novos sistemas produtivos.
- Actuacións para a mellora medioambiental dos montes, por exemplo con especies autóctonas (carballo, castaño,etc..)

Aumento do valor engadido dos produtos agrarios e forestais. Proxectos de transformación e comercialización de produtos agrarios e forestais.

Accións a desenvolver:

- Investimento en actuacións de comercialización dos produtos da horta.
- Creación dun portal de produtos da Costa da Morte multiproducto (Alimentación, Artesanía, Flor...) e multiusos, para a compra/venda e a distribución de produtos e estudo da viabilidade da posta en marcha do portal.
- Transformación e comercialización doutros produtos forestais como a cortiza, resina, toxo, cogumelos,....
- Potenciar a 1ª transformación da madeira.
- Investimentos para a Comercialización de produtos do monte (mel,...).
Nave para a venda.

Cooperación para desenvolver novos produtos, procesos e tecnoloxías nos sectores agrario, alimentario e forestal. Proxectos de cooperación entre produtos agrarios ou forestais, empresas de transformación e comercialización agraria ou forestal e /ou centros tecnolóxicos e de investigación de cara ao desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías, con especial referencia a aqueles proxectos que ofrezan saídas alternativas e de mellor calidade e que incrementen o valor engadido dos produtos.

Accións a desenvolver:

- Investimento en agricultura ecolóxica e a helicultura.
- Investimento no fomento do sector hortícola.
- Investimento necesario para a posta en funcionamento das CUMAS para compartir a maquinaria.

4.2.MELLORA MEDIOAMBIENTAL DO CONTORNO RURAL

Investimentos non produtivos en explotacións agrarias

Accións a desenvolver:

- Deseñar e/ou utilizar unha ferramenta informática para controlar o límite permitido para o xurro.
- Estudo de medidas a utilizar para minimizar o consumo de auga nas explotacións agrarias

Investimentos non produtivos para a adecuación, recuperación e posta en valor do patrimonio natural no contorno rural

Accións a desenvolver:

- Posta en valor do entorno dos ríos, dos mananciais. Protección da Biodiversidade.
- Habilitación dun Parque xeomorfolóxico na zona do Pindo, Camariñas.
- Accións de uso social e educativo e recreativo dos montes (excursións escolares, visitas turísticas e de natureza, etc.).
- Establecer Rutas de sendeirismo por paraxes naturais que sexan accesibles

4.3.DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA

Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida.

Accións a desenvolver:

- Agroturismo: Servizos de turismo e granxas. : o turista ve como se ordeña, como se fai o queixo...
- Realización dunha campaña de marketing dos produtos locais e creación de expositores.
- Acondicionamento e modernización das explotacións cara aos novos servizos de agroturismo.
- Servizos directos de venda de produtos locais nas explotacións
- Creación de puntos de venda e comercialización de produtos locais agrarios, forestais, artesanais, etc. integrados nos restaurantes, comercios, lugares de interese.
- Investimento necesarios para aplicación da agricultura ecolóxica: produción e comercialización
- Creación dunha cooperativa de servizos para o sector artesan

- Posta en marcha dun centro de día para a 3ª idade, aproveitando edificios en desuso
- Posta en marcha dunha Casa de acollida para mulleres
- Centro de promoción da igualdade para o desenvolvemento rural
- Acondicionamento dunha explotación agrario para a súa adaptación a granxa escola.
- Creación dunha Escola de Formación en Oficios tradicionais (cantería, cesteiros, queixeiros, ..)
- Infraestruturas para o deporte, a través da ampliación das existentes (campos de fútbol cunha pista de atletismo,...)

Creación, ampliación, modernización e/ou traslado de pemes, en sectores da economía diferentes ao da produción agraria primaria

Accións a desenvolver:

- Creación de microempresas de servizos (empacadoras, transporte de material gandeiro,...)
- Creación de Redes de empresas para actividades de cooperación interempresarial
- Investimentos na creación de novos negocios innovadores co seu estudos de viabilidade técnicas
- Estudo de iniciativas a tomar para promover o cambio xeracional en sectores maduros do territorio (cesteiros, canteiros, agricultores e artesáns)

Fomento de actividades turísticas.

Accións a desenvolver:

- Mellorar a información das rutas turísticas existentes.
- Actividades de promoción dos recursos turísticos.
- Fomento da colaboración mixta casa rural-explotación; casa rural-propietarios de montes, etc. para a creación de Paquetes turísticos.
- Creación dun museo etnográfico e de apeiros.
- Creación e acondicionamento dunha ruta de sendeirismo que conecta a tódolos concellos.

Servizos básicos para a economía e a poboación rural.

Accións a desenvolver:

- Oficina de asesoramento sobre os requisitos e a formación que deben adquirir os distintos profesionais antes da posta en marcha dunha iniciativa empresarial
- Posta en marcha dun servizo de transporte colectivo, accesible e sostible entre os concellos (Laxe, Camariñas, Vimianzo, Baio...) adaptado ás demandas dos usuarios.
- Mellorar o acceso ós puntos de interese.
- Rede galega de centros ó aire libre: iniciativas medio ambientais, valorización de recursos naturais mediante actividades e deportes ó aire libre.
- Actividades de rehabilitación de muíños para a produción de enerxía
- Creación dunha aula para talleres medio ambientais.
- Creación de rutas de dolmens, petróglifos, hórreos, rutas a cabalo...
- Posta en marcha dun observatorio didáctico do agrosistema.
- Creación de rutas ornitolóxicas con puntos de observación de aves con guía profesional.
- Elaborar un inventario de rutas e camiños tradicionais, e elaboración dunha guía.
- Recuperación das pontes tradicionais: rehabilitación e posta en valor
- Realización dun espazo Land Art: actuación na natureza, exposicións.

En relación á Medida 4.3.1. da convocatoria onde se inclúe actividades derivadas do funcionamento, do GDR, adquisición de coñecemento e promoción territorial, o GDR ten previsto desenvolver as seguintes actuacións:

- Xornadas de formación en materia de enerxías alternativas
- Programa de promoción e valorización do patrimonio agrario e forestal, vinculando a tradición coa modernidade: seminarios, visitas, formación de técnicos locais, creación de Rede galega de patrimonio agrario e forestal.
- Fomento do consumo responsable do auga
- Cursos de formación e Talleres en agricultura ecolóxica, horta e silvicultura.
- Talleres de Interconexión xeracional: xente nova - xente vella, transmitindo os coñecementos dos oficios.

- Programa de formación medioambiental para a poboación nos valores do seu territorio.

O GDR está interesado e acolle todas as tipoloxías de operacións descritas nas bases da convocatoria do programa Leader de data 30 de maio de 2008, aínda que se van a priorizar as expostas no presente Plan, e enmarcadas nas medidas incluídas neste apartado.

5. INDICADORES

A relación de indicadores solicitados a través da convocatoria son os relativos a:

- Indicadores resultado das Medidas 411, 412 e 413: número de proxectos, número de beneficiarios, número de empregos creados. (Anexo IIIA, IIIB).
- Indicadores resultado da Medida 421: número de proxectos de cooperación, número de cooperantes. (Anexo IIIC).
- Indicadores resultado da Medida 431: nº de accións beneficiarias da axuda (Anexo IIID).
- Indicadores de resultado formación: nº de participantes que concluíron con éxito unha actividade de formación (Anexo IIIE).

Todos estes indicadores axúntanse a continuación.

6. COMPLEMENTARIEDADE CON OUTROS FONDOS

O GDR 26 está formado polos Concellos de: Camariñas, Carnota, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Mazaricos, Muxía, Vimianzo e Zas.

Coincide con algún dos Concellos do Grupo de Acción costeira da zona 3: Camariñas, Muxía e Vimianzo, e da zona 4: Cee, Fisterra, Corcubión, Dumbría e Carnota.

O GAC da zona 3 tamén afecta ó GDR 25 de Bergantiños constituído polos concellos de: Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, Laracha, Laxe, Malpica e Ponteceso.

A Comisión de Coordinación de Fondos Comunitarios (**Decreto 184/2007, de 13 de setembro**), creouse como instrumento para asegurar a coordinación e a complementariedade dos fondos estruturais e sectoriais na procura dos obxectivos establecidos no Marco Estratéxico de Convergencia Económica de Galicia 2007-2013 (Mecega), nos respectivos programas operativos e nas disposicións comunitarias que sexan de aplicación.

É responsabilidade desta comisión:

- Supervisar o seguimento dos programas operativos, definindo, se fose preciso, os sistemas de información sobre os mecanismos que garanten a máis efectiva coordinación entre si dos programas operativos, incluídos os programas e intervencións do Feader e o FEP.
- Cando sexa necesario, fixar, para cada programa operativo, os criterios de delimitación entre as operacións apoiadas polo Feder e o FSE e as apoiadas por outros instrumentos de axuda comunitaria, así como as que se poidan producir entre o Feader e o FEP cando ambos fondos financien actuacións no mesmo ámbito territorial.

Polo tanto o GDR seguirá as directrices e indicacións que lle marque esta Comisión de Coordinación en relación as súas competencias.

En principio enténdese que tódalas actuacións relativas ó mar e a pesca serán competencia do GAC e financiadas polo FEP e tódalas actuacións relacionadas co sector agrario, gandeiro e forestal serán tratadas polo GDR.

O GDR propondrá ó grupo de acción costeira da zona 3 e ó grupo da zona 4 a creación dun grupo de traballo que se reunirá para definir as competencias de cada un e evitar que se sobrefinancien as mesmas actividades, ou que queden actividades sen financiar por algún dos grupos, de xeito que o GDR 26 lidere as iniciativas do agrario.

PARTE IV
PLAN DE COOPERACIÓN
CON OUTROS
TERRITORIOS

1. PLAN DE COOPERACIÓN

O Plan de Cooperación é elaborado coa información obtida a través das mesas sectoriais nas que foron convocados os axentes locais do territorio. Tamén se tivo en consideración cales son aqueles problemas ou necesidades máis relevantes e que necesitan dunha “tendida de man” a outros territorios para acadar obxectivos que se antollan comúns.

O carácter do Plan de cooperación debe ser flexible e aberto, de cara a favorecer a execución das actividades propostas.

Os obxectivos os indicamos a continuación:

- Obxectivo 1: Sensibilizar á sociedade e a xuventude en particular en temas medio ambientais a través do deporte.
- Obxectivo 2: Poñer en valor os sectores agrarios e forestal.
- Obxectivo 3: Focalizar os destinos das producións da horta e aumentar a competitividade das plantacións.
- Obxectivo 4: Dinamizar as actividades de comercialización dos produtos agrarios e forestais.

Estes obxectivos están en liña coas políticas de desenvolvemento rural e co propio programa de desenvolvemento rural que nos ocupa.

As accións asociadas a estes obxectivos son:

Obxectivo 1: Sensibilizar á sociedade e a xuventude en particular en temas medio ambientais a través do deporte

Acción: Cooperar na Rede Galega de Centros ao Aire Libre, con outros territorios da Costa galega, como poden ser os GAC de Costa da Morte, GAC de Seo de Fisterra-Ría Muros Noia, e con outras zonas do Atlántico como é a Bretaña francesa, que presenta moitas similitudes nas características do territorio coa zona da Costa da Morte.

Obxectivos 2: Poñer en valor os sectores agrarios e forestal

Acción: Cooperar con outros territorios de Galicia para formar a Rede galega de Patrimonio agrario e forestal.

Obxectivo 3: Focalizar os destinos das producións da horta e aumentar a competitividade das plantacións

Acción: Posta en común co GDR de Bergantiños dos mercados de máis demanda dos produtos da horta e comercialización conxunta.

Obxectivo 4: Dinamizar as actividades de comercialización dos produtos agrarios e forestais

Accións: Posta en común co GDR de Bergantiños e de Santiago na comercialización dos produtos agrarios e forestais.

En todos os casos os proxectos presentan o valor engadido da participación de mulleres e xente nova por tratarse de actividades que xa de por sí son atractivas para estes sectores. Ademais ten o compoñente de sensibilización medio ambiental que para as actividades como as náuticas, na Rede de Centros o Aire Libre, son inherentes á propia iniciativa.

O GDR 26 adquire o compromiso de integrarse na Rede Galega de Grupos de Desenvolvemento Rural.

A previsión financeira do Plan indícase no seguinte Anexo de Plan de Cooperación (Anexo IID).

PARTE V
NORMAS PARA A XESTIÓN
DO PROGRAMA

1. LÍMITES DE AXUDA PÚBLICA MÁXIMA

Medida 4.1.1

Porcentaxe máxima da axuda: 45% sobre o gasto subvencionable.

- No sector da produción agraria, cando o promotor non teña a consideración de agricultor mozo e o proxecto se desenvolva fóra das zonas catalogadas como zonas desfavorecidas ou de montaña: 40% sobre o gasto subvencionable.
- No sector da transformación e comercialización de produtos agrarios, cando o promotor teña a consideración de empresa intermedia: 25% sobre o gasto subvencionable.
- Importe máximo da axuda: 250.000 €.

Respecto de todos os proxectos que se promovan no marco desta medida, a contribución do beneficiario ao seu financiamento será do 25% como mínimo.

Con carácter xeral, as axudas concedidas no marco desta medida ampáranse no Regulamento (CE) nº 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Feader.

Tratándose de proxectos de cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías, cando se efectúen respecto de produtos non incluídos no anexo I do Tratado, as axudas que se concedan ampararanse no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de minimis. De acordo con este regulamento, a axuda total de minimis concedida a un beneficiario determinado non será superior a 200.000 € durante un período de tres exercicios fiscais.

Medida 4.1.2

- Porcentaxe máxima de axuda: Ata o 100%.
- Importe máximo da axuda: 250.000 €.

Medida 4.1.3

Respecto dos proxectos de natureza produtiva que se promovan no marco desta medida, a contribución do beneficiario ao seu financiamento será do 25% como mínimo.

Proxectos vinculados á diversificación cara a actividades non agrarias e de creación, ampliación, modernización e/ou traslado de Pemes:

- Porcentaxe máxima da axuda: 45% sobre o gasto subvencionable.
- Importe máximo de axuda: 250.000 €.

Esta axuda ampárase no Regulamento 70/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas estatais ás pequenas e medianas empresas, ou normativa que o substitúa.

Proxectos vinculados ás epígrafes fomento de actividades turísticas, servizos para a economía e a poboación rural e renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural:

1. Proxectos de natureza produtiva:

- Porcentaxe máxima de axuda: 45% sobre o gasto subvencionable.
- Importe máximo da axuda: 200.000 €.

Esta axuda ampárase no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de minimis. De acordo con este regulamento, a axuda total de minimis concedida a un beneficiario determinado non será superior a 200.000 € durante un período de tres exercicios fiscais.

2. Proxectos de natureza non produtiva:

- Porcentaxe máxima de axuda: ata o 100%, sen prexuízo dos límites que, de ser o caso, se establezan nos respectivos programas de desenvolvemento rural, en función da tipoloxía de proxectos.
- Importe máximo de axuda: 250.000 €.

Para estes efectos, terán a consideración de proxectos non produtivos aqueles que non supoñan o inicio ou o desenvolvemento dunha actividade económica e/ou non estean afectos a unha actividade económica. Así mesmo, terán este carácter aqueloutros proxectos de interese público que, aínda constituíndo unha actividade económica, ou estando afectos a unha actividade económica, non incidan sobre o réxime de competencia no territorio (concello) de que se trate e sempre que estean promovidos por unha entidade pública local ou unha entidade sen ánimo de lucro.

Gastos de formación:

- Porcentaxe máxima de axuda: ata o 100%, sen prexuízo dos límites que, de ser o caso, se establezan nos respectivos programas de desenvolvemento rural.

Os gastos vinculados á formación ampáranse no Regulamento (CE) N° 1998/2006 da Comisión do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de minimis. De acordo con este regulamento, a axuda total de minimis concedida a un beneficiario determinado non será superior a 200.000 € durante un período de tres exercicios fiscais.

2. CRITERIOS PARA A SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS

Todo proxecto debe cumprir co requisito de subvencionalidade, que é o seguinte:

- Carácter innovador, entendido non só como innovacións tecnolóxicas senón como a exploración de novos xeitos de enfrontarse aos retos que se suscitan no territorio.
- Viabilidade: o proxecto debe ser viábel técnica e economicamente, comprobándose especialmente a súa viabilidade financeira.
- Adecuación do proxecto á estratexia do programa de desenvolvemento definida.

Para os proxectos non produtivos aplicárase as seguintes categorías de priorización dos proxectos:

Proxectos non produtivos de prioridade Alta. Intensidade de axuda máxima ata o 100%.

- o Servizos á poboación dependente, tales como centros de inclusión e emerxencia social, centros de integración, inserción ou inclusión socio-laboral para discapacitados, centros de maiores non dependentes (pisos tutelados, vivendas comunitarias, centros de día).
- o Servizos de transporte en áreas de baixa densidade de poboación.
- o Investimentos relacionados co desenvolvemento das TICs no medio rural, tales como telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos a empresas ou á poboación en xeral.

Proxectos non produtivos de prioridade Media. Intensidade de axuda ata o 70%.

- o Actuacións de recuperación patrimonial, paisaxística e etnográfica, tales como actuacións ambientais, aulas da natureza, centros de interpretación, museos, intervencións arqueolóxicas, recuperación de construcións de interese arquitectónico, social ou cultural.
- o Centros de promoción de recursos e puntos e puntos de información turística.
- o Rehabilitación e equipamento de edificios destinados a locais sociais.

Outros proxectos non produtivos. Intensidade de axuda ata o 50%.

- o Infraestruturas de lecer: ludotecas, áreas recreativas, parques ou espazos de ocio.

- o Instalacións deportivas, en coordinación con mapa de dotacións da Dirección Xeral de Deportes da Xunta de Galicia.
- o Sinalización de recursos turísticos.
- o Participación en certames, eventos, feiras, edición de libros, mapas, guías, páxinas web e concursos vinculados á valorización dos recursos do territorio.
- o Instalacións hípcas ou cinexéticas.
- o Eventos de difusión ou estudos vinculados á valorización dos recursos do territorio.

BAREMO PARA A VALORACIÓN DOS PROXECTOS

PROXECTOS PRODUCTIVOS

1. Situación xeográfica. 40 puntos.

Cando un proxecto se realice en varios concellos ou núcleos de poboación collerase o criterio mais favorable; esto aplicaráse a todo tipo de proxectos.

1.1. Características económicas do Concello no que se localiza o proxecto.

Máximo de 10 puntos.

Este criterio valorarase en función do Indicador Municipal de Renda dos Fogares (IMRF) do ano 2002 publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

Criterios de valoración en función do IMRF (proxectos produtivos)

IMRF	CONCELLOS	PUNTOS (MAX 10 PTOS)
$IMRF \leq 80\%$	Dumbría; Mazaricos; Muxía; Fisterra	10
$80\% < IMRF \leq 90\%$	Vimianzo; Carnota; Corcubión	7
$90\% < IMRF \leq 100\%$	Zas; Camariñas	4
$IMRF > 100\%$	Cee	0

1.2. Características demográficas do Concello no que se localiza o proxecto.

Máximo de 10 puntos.

Este criterio valorarase en función da caída da poboación entre os anos 2002 e 2007 de acordo coas cifras do Padrón municipal de habitantes.

Criterios de valoración en función da caída de poboación (proxectos produtivos)

% CAÍDA DA POBOACIÓN	CONCELLOS	PUNTOS (MAX 10 PTOS)
%caída $\geq$ 10%	Dumbría; Mazaricos	10
7,5% $\leq$ % caída < 10%	Carnota; Zas	7,5
5 % $\leq$ % caída < 7,5 %	Muxía; Corcubión; Camariñas	5
2,5 % $\leq$ % caída < 5%	Vimianzo; Fisterra;	2,5
Aumento da poboación	Cee	0

1.3.Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto. Máximo de 10 puntos.

Para priorizar os proxectos que se implanten nas áreas máis rurais de cada Concello, o GDR establece varios rangos de tamaño dos núcleos de poboación, asignando máis puntuación canto menor sexa o tamaño dos núcleos. A estes efectos tomaranse os datos do nomenclátor de 2007. Enténderase por núcleo ou entidade de poboación o lugar ou aldea.

Criterios de valoración en función do nº de habitantes (proxectos produtivos)

Nº DE HABITANTES	PUNTOS (MAX 10 PTOS)
Nº habitantes $\geq$ 2500	0
1500 $\leq$ Nº de habitantes < 2.500	2,5
500 $\leq$ Nº de habitantes < 1500	5
100 $\leq$ Nº de habitantes < 500	7,5
0 $\leq$ Nº de habitantes < 100	10

1.4.Outros criterios xeográficos. Máximo 10 puntos *

1.4.1. Distancia a núcleos de poboación. Máximo 3 puntos.

Criterios de valoración en función da distancia a núcleos de poboación (proxectos produtivos)

DISTANCIA A NÚCLEOS DE POBOACIÓN GRANDES (MÁIS DE 2500 HABITANTES)	PUNTOS (MAX 3 PTOS)
1 km $\leq$ distancia $\leq$ 10 km	1
10 km < distancia $\leq$ 20 km	2
Distancia > 20 km	3

Adxúntase un anexo coas distancias dos núcleos de tódolos concellos á poboación de mais de 2500 habitantes que hai no territorio, que é o núcleo de Cee.

1.4.2. Taxa de paro da poboación. Máximo 3 puntos.

Tómanse os datos do nomenclátor do 2001.

Taxa de paro da poboación

TAXA DE PARO	CONCELLOS	PUNTOS (MAX 3 PTOS)
5 % $\leq$ Taxa de paro $\leq$ 10%	Zas, Muxía, Dumbría, Camariñas	1
10 % < Taxa de paro $\leq$ 15%	Carnota, Cee, Corcubión, Fisterra, Vimianzo	2
Taxa de paro > 15%	Mazaricos	3

1.4.3. Proxectos realizados en espazos pertencentes á Rede Natura. Máximo 2 puntos.

Valoraranse cunha puntuación de 2 puntos os proxectos realizados en espazos pertencentes á rede natura 2000.

1.4.4. Proxectos realizados en núcleos de concellos nos que non hai Grupos de Acción Costeira (GAC). Máximo 5 puntos.

Valoraranse cunha puntuación de 5 puntos os proxectos realizados nos concellos de Mazaricos e Zas.

* Nota: Aínda que a puntuación é acumulativa, un proxecto non poderá superar nunca os 10 puntos en “Outros criterios xeográficos”.

2. Características do promotor do proxecto. 10 puntos. Dende o GDR establécense varios criterios para favorecer aqueles proxectos promovidos por determinados colectivos, como poden ser mulleres, mozos/as e persoas con discapacidade.

2.1.Criterios de valoración en función do tipo de promotor cando se trata dunha persoa física

Criterios de valoración en función do tipo de promotor, cando se trata dunha persoa física (proxectos produtivos)

PROMOTOR DO PROXECTO	PUNTOS (MAX 7 PTOS)
Home	1
Muller	2
Mozo/a (menor o igual de 40 anos)	2
Home ou Muller maior de 55 anos	2
Discapacitado/a	3

2.2.Criterios de valoración en función do tipo de promotor cando se trata dunha persoa xurídica

Criterios de valoración en función do tipo de promotor, cando se trata dunha persoa xurídica (proxectos produtivos)

PROMOTOR DO PROXECTO	PUNTOS(MAX 7 PTOS)
Empresa que conte con máis do 25% dos seus membros dentro de colectivos desfavorecidos (mulleres, mozos/as, homes ou	4

mulleres maiores de 55 anos e/ou discapitados/as).	
Empresa cooperativa	3
Outro tipo de promotores	2

2.3. Uso do galego.

O uso do galego valorarase cunha puntuación de 3 puntos.

3. Incidencia no emprego. 25 puntos.

Dende o GDR establécense varios criterios para favorecer aqueles proxectos que teñan unha incidencia positiva na creación de emprego.

Criterios de valoración en función da incidencia no emprego (proxectos produtivos)

INCIDENCIA NO EMPREGO	PUNTOS (MAX 20 PTOS)
Creación do emprego neto. (2 puntos por emprego xerado ou a parte proporcional correspondente.)	(máximo 10 puntos)
Creación de emprego no colectivo de discapitados/as.(2 puntos por emprego xerado ou a parte proporcional correspondente.)	(máximo 6 puntos)
Creación de emprego no colectivo de mulleres e mozos/as e en persoas pertencentes a un colectivo desfavorecido (xitanos. en risco de exclusión social, drogodependentes, inmigrantes ou emigrantes retornados, perceptores Rsga, parados de longa duración, persoas > 55 anos).(1 punto por emprego xerado ou a parte proporcional correspondente.)	(máximo 4 puntos)

Criterios de valoración do emprego en función do investimento (proxectos produtivos)

Emprego creado por cada 100.000€ de investimento (nº de empregos / investimento aceptado*100.000)	Puntos (MAX 5 PTOS)
De 0 a 1 ($0 < C < 1$)	1
De 1 a 2 ($1 \leq C < 2$)	2

De 2 a 3 ($2 \leq C < 3$)	3
De 3 a 4 ($3 \leq C < 4$)	4
Maior ou igual a 4	5
EMPREGO CONSOLIDADO POR CADA 100.000€ DE INVESTIMENTO (Nº DE EMPREGOS/INVESTIMENTO ACEPTADO*100.000)	
De 0 a 3 ($1 \leq M < 3$)	3
De 3 a 5 ($3 \leq M < 5$)	4
Maior ou igual a 5 ($5 \leq M$)	5

Na creación e na consolidación de emprego tomaranse os datos como UTA ou fracción de UTA, é dicir, considerarase creación ou consolidación de 1 emprego si traballa a tempo completo durante todo o ano, e si traballan a tempo parcial ou parte do ano contarase como fracción de UTA.

* Nota: Aínda que a puntuación é acumulativa, un proxecto non poderá superar nunca os 25 puntos no apartado “Incidência no emprego”.

4. Impacto sobre territorio. 25 puntos.

4.1 Capacidade de arrastre do proxecto. Máx 10 puntos.

Capacidade de arrastre (proxectos produtivos)

CAPACIDADE DE ARRASTRE do proxecto	PUNTUACIÓN (MAX 10 PTOS)
Transformación de produtos producidos na zona	5
Utilización de produtos do territorio nunha porcentaxe superior ó 20% dentro dos inputs do proxecto	5
Creación ou Primer establecemento	4
Modernización ou ampliación	2

* Nota: Aínda que a puntuación é acumulativa, un proxecto non poderá superar nunca os 10 puntos.

4.2 Incidencia medioambiental. Máx 10 puntos.

Este criterio valora cuestións que axudan á conservación do medio ambiente, e se mide mediante os seguintes subcriterios

Incidencia medioambiental (proxectos produtivos)

INCIDENCIA MEDIOAMBIENTAL	PUNTUACIÓN (MAX 10 PTOS)
Adopción de Medidas na Xestión dos recursos hídricos (autorizacións de vertido, plan de reutilización das augas,...)	3
Dispoñer de Certificacións de Xestión medioambiental	3
Adopción de Manuais de Boas prácticas medio ambientais	2
Adopción dalgunha medida que reduza o impacto medioambiental (Plan de medidas correctoras, valoración de riscos ambientais,..)	2
Proxectos de redución, reutilización ou reciclaxe de residuos producidos no territorio	3
Localización de actividades molestas en solo industrial	3

* Nota: Aínda que a puntuación é acumulativa, un proxecto non poderá superar nunca os 10 puntos.

4.3.Caracter innovador. Máx 5 puntos.

Caracter innovador (proxectos produtivos)

CARACTER INNOVADOR	PUNTUACIÓN (MAX 5 PTOS)
Inexistencia dunha actividade similar no concello	3
Inexistencia dunha actividade similar no núcleo	2
Utilización de Enerxías renovables	1
Incorporación de TIC's	1

* Nota: Aínda que a puntuación é acumulativa, un proxecto non poderá superar nunca os 5 puntos.

PROXECTOS NON PRODUCTIVOS

1- Situación xeográfica. 40 puntos.

Cando un proxecto se realice en varios concellos ou núcleos de poboación collerase o criterio mais favorable; esto aplicaráse a todo tipo de proxectos.

1.1.Características económicas do Concello no que se localiza o proxecto. Máximo 10 puntos

Este criterio valorarase en función do Indicador Municipal de Renda dos Fogares (IMRF) do ano 2002 publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

Criterios de valoración en función do IMRF (proxectos non produtivos)

IMRF	CONCELLOS	PUNTOS (MAX 10 PTOS)
$IMRF \leq 80\%$	Dumbría; Mazaricos; Muxía; Fisterra	10
$80\% < IMRF \leq 90\%$	Vimianzo; Carnota; Corcubión	7
$90\% < IMRF \leq 100\%$	Zas; Camariñas	4
$IMRF > 100\%$	Cee	0

1.2.Características demográficas do Concello no que se localiza o proxecto. Máximo 10 puntos

Este criterio valorarase en función da caída da poboación entre os anos 2002 e 2007 de acordo coas cifras do Padrón municipal de habitantes.

Criterios de valoración en función da caída de poboación (proxectos non produtivos)

% CAÍDA DA POBOACIÓN	CONCELLOS	PUNTOS (MAX 10 PTOS)
$\%caída \geq 10\%$	Dumbría; Mazaricos	10
$7,5\% \leq \% caída < 10\%$	Carnota; Zas	7,5
$5\% \leq \% caída < 7,5\%$	Muxía; Corcubión; Camariñas	5
$2,5\% \leq \% caída < 5\%$	Vimianzo;Fisterra;	2,5
Aumento de poboación	Cee	0

1.3.Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto. Máximo 10 puntos.

Para priorizar os proxectos que se implanten nas áreas máis rurais de cada Concello, o GDR establece varios rangos de tamaño dos núcleos de poboación, asignando máis puntuación canto menor sexa o tamaño dos núcleos. A estes efectos tomaranse os datos do nomenclátor de 2007. Enténderase por núcleo ou entidade de poboación o lugar ou aldea.

Criterios de valoración en función do nº de habitantes (proxectos non produtivos)

Nº DE HABITANTES	PUNTOS (MAX 10 PTOS)
Nº habitantes ≥ 2500	0
$1500 \leq \text{Nº de habitantes} < 2.500$	2,5
$500 \leq \text{Nº de habitantes} < 1500$	5
$100 \leq \text{Nº de habitantes} < 500$	7,5
$0 \leq \text{Nº de habitantes} < 100$	10

1.4.Outros criterios xeográficos. Máximo 10 puntos.

1.4.1. Distancia a núcleos de poboación. Máximo 3 puntos.

Criterios de valoración en función da distancia a núcleos de poboación (proxectos non produtivos)

DISTANCIA A NÚCLEOS DE POBOACIÓN GRANDES (MÁIS 2.500 HABITANTES)	PUNTOS (MAX 3 PTOS)
$1 \text{ km} \leq \text{distancia} \leq 10 \text{ km}$	1
$10 \text{ km} < \text{distancia} \leq 20 \text{ km}$	2
Distancia $> 20 \text{ km}$	3

Adxúntase un anexo coas distancias dos núcleos de tódolos concellos ás poboacións de mais de 2500 habitantes.

1.4.2. Taxa de paro da poboación. Máximo 3 puntos.

Tómanse os datos do nomenclátor do 2001.

Táboa 43: Taxa de paro da poboación

TAXA DE PARO	CONCELLOS	PUNTOS (MAX 3 PTOS)
$5\% \leq \text{Taxa de paro} \leq 10\%$	Zas, Muxía, Dumbria, Camariñas	1
$10\% < \text{Taxa de paro} \leq 15\%$	Carnota, Cee, Corcubión, Fisterra, Vimianzo	2
Taxa de paro $> 15\%$	Mazaricos	3

1.4.3. Proxectos realizados en espazos pertencentes á Rede Natura. Máximo 2 puntos.

Valoraranse cunha puntuación de 2 puntos os proxectos realizados en espazos pertencentes á rede natura 2000.

1.4.4. Proxectos realizados en núcleos de concellos nos que non hai Grupos de Acción Costeira (GAC). Máximo 5 puntos.

Valoraranse cunha puntuación de 5 puntos os proxectos realizados nos concellos de Mazaricos e Zas.

* Nota: Aínda que a puntuación é acumulativa, un proxecto non poderá superar nunca os 10 puntos en “Outros criterios xeográficos”.

2. Características do promotor e ámbito de actuación do proxecto. 20 puntos.

2.1. Características do promotor e ámbito de actuación do proxecto. Máx 17 puntos.

Se o promotor é unha entidade pública priorizarase aqueles proxectos cun ámbito de actuación supramunicipal e/ou promovidos por entes supramunicipais, para potenciar a vertebración comarcal do territorio e planificar as dotacións e servizos públicos.

Se o promotor é unha entidade privada priorizarase aqueles proxectos que impliquen a varias entidades, o peso que teñan nesas entidades determinados colectivos (mulleres, mozos, homes maiores de 55 anos, persoas con discapacidade, e o ámbito supramunicipal do proxecto.

Criterios de valoración en función do tipo de promotor (proxectos non produtivos)

PROMOTOR DO PROXECTO E ÁMBITO DE ACTUACIÓN	PUNTOS (MAX 17 PTOS)
Entidades públicas (Concellos, Mancomunidades...)	10
Mulleres ou entidades asociativas con a lo menos 15% de mulleres.	10
Mozo/a (menor de 40 anos) ou entidades asociativas con a lo menos 15% de mozos/as.	10
Home maior de 55 anos ou entidades asociativas com a lo menos 15% de homes maiores de 55 anos.	10
Discapacitado/a ou entidades asociativas con a lo menos un 2% de discapacitados/as	10
Ámbito supramunicipal do proxecto (os que se executan en máis dun concello).	7
Participado por varias entidades	7

2.2. Uso do galego.

O uso do galego valorarase cunha puntuación de 3 puntos.

* Nota: Aínda que a puntuación é acumulativa, un proxecto non poderá superar nunca os 20 puntos.

3. Impacto sobre territorio. 40 puntos.

3.1 Poboación beneficiada co proxecto e incidencia sobre a mellora da súa vida. 10 puntos.

Para a valoración deste criterio aplicarase os seguintes subcriterios

Incidencia sobre a mellora da calidade de vida (proxectos non produtivos)

incidencia sobre a mellora da calidade de vida	puntuación (MAX 10 PTOS)
Aumento dos servizos ofrecidos a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social (xitanos, en risco de exclusión social, drogodependentes, inmigrantes ou emigrantes retornados, perceptores Rsga, parados de longa duración, persoas > 55 anos), respecto aos existentes.	5
Actuación que favorezan a conciliación da vida familiar e laboral (centros de día, garderías...)	5

3.2.Potencialidade para favorecer o xurdimento de novas iniciativas empresariais e a creación de emprego. 10 puntos.

Potencialidade para crear emprego e novas iniciativas empresariais (proxectos non produtivos)

POTENCIALIDADE PARA CREAR EMPREGO E NOVAS INICIATIVAS EMPRESARIAIS	PUNTUACIÓN (MAX 10 PTOS)
Proxectos que inclúan Medidas de cooperación entre Concellos ou entidades públicas (acordos para compartir infraestructuras, acordos para facer actividades complementarias e aumentar o servizo ofrecido,...)	6
Creación de emprego (2 puntos por cada emprego xerado ou a parte proporcional correspondente)	(máximo 4 puntos)

3.3.Incidencia medioambiental. 10 puntos

Incidencia medioambiental (proxectos non produtivos)

INCIDENCIA MEDIOAMBIENTAL	PUNTUACIÓN (MAX 10 PTOS)
---------------------------	-----------------------------

Adopción de Medidas na Xestión dos recursos hídricos (autorizacións de vertido, plan de reutilización das augas,...)	3
Dispoñer de Certificacións de Xestión medioambiental	3
Adopción de Manuais de Boas prácticas medioambientais	2
Adopción dalgunha medida que reduza o impacto medioambiental (Plan de medidas correctoras, valoración de riscos ambientais,...)	2
Proxectos de redución, reutilización ou reciclaxe de residuos producidos no territorio	3
Localización de actividades molestas en solo industrial	3
Proxectos de rehabilitación ou mellora do patrimonio histórico – artístico ou cultural	3
Emprego de enerxías renovables	2
Eliminación de impactos visuales	2

* Nota: Aínda que a puntuación é acumulativa, un proxecto non poderá superar nunca os 10 puntos.

3.4. Incidencia sobre colectivos determinados: mocidade, promoción da igualdade entre o home e a muller, integración de colectivos de especial dificultade, etc. 10 puntos.

Incidencia sobre colectivos determinados (proxectos non produtivos)

INCIDENCIA DETERMINADOS	SOBRE COLECTIVOS	PUNTUACIÓN (MAX 10 PTOS)
Os beneficiarios prioritarios do proxecto son as persoas con discapacidade.		3
Un dos colectivos beneficiarios prioritarios do proxecto son mulleres.		3
Un dos colectivos beneficiarios prioritarios do proxecto son xóvenes <40 anos.		3
Un dos colectivos beneficiarios prioritarios do proxecto pertence a outros colectivos desfavorecidos (xitanos. en risco		

de exclusión social, drogodependentes, inmigrantes ou emigrantes retornados, perceptores Rsga, parados de longa duración, persoas > 55 anos).	3
Proxectos que incorporen no seu desenvolvemento actuacións que favorezan a igualdade entre o home e a muller.	3

* Nota: Aínda que a puntuación é acumulativa, un proxecto non poderá superar nunca os 10 puntos.

REGRAS BÁSICAS

Os proxectos candidatos a recibir axudas a través do GDR, serán valorados dentro do seguinte esquema:

Táboa 49: Porcentaxe de axuda para cada tipo de proxecto.

	NOTA DE CORTE	% DE AXUDA	NOTA MÁXIMA	% DE AXUDA
Proxectos produtivos	15	30%	65	45%
Proxectos non produtivos prioridade alta	15	75 %	65	100%
Proxectos non produtivos prioridade media	15	45 %	65	70%
Proxectos non produtivos prioridade baixa	15	25%	65	50%

Para aplicar o porcentaxe de axuda correspondente entre o máximo e o mínimo, calcúlase mediante unha relacional proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada esa porcentaxe a un decimal, tal e como se indica a continuación.

Todos os proxectos non produtivos que consigan superar a nota de corte (15 pts) reciben como mínimo o 25% os de prioridade baixa, o 45% os de prioridade media e o 75% os de prioridade alta, máis a axuda que lle corresponda segundo unha recta de regresión lineal (aplicación dunha regra de tres simple). Segundo se encadre o proxecto dentro dos seus criterios de prioridade, o máximo que poderán recibir é do 50% para proxectos de prioridade baixa, o 70% para proxectos de prioridade media ou o 100% para proxectos de prioridade alta.

Porcentaxe de axuda para cada puntuación (proxectos produtivos)

PROXECTOS PRODUCTIVOS			
Puntuación	% axuda	Puntuación	% axuda
15	30,00%	41	37,8%
16	30,3%	42	38,1%
17	30,6%	43	38,4%
18	30,9%	44	38,7%
19	31,2%	45	39,0%
20	31,5%	46	39,3%
21	31,8%	47	39,6%
22	32,1%	48	39,9%
23	32,4%	49	40,2%
24	32,7%	50	40,5%
25	33,0%	51	40,8%
26	33,3%	52	41,1%
27	33,6%	53	41,4%
28	33,9%	54	41,7%
29	34,2%	55	42,0%
30	34,5%	56	42,3%
31	34,8%	57	42,6%
32	35,1%	58	42,9%
33	35,4%	59	43,2%
34	34,7%	60	43,5%
35	35,0%	61	43,8%
36	35,3%	62	44,1%
37	36,6%	63	44,3.%
38	36,9%	64	44,7%
39	37,2%	65	45,0%
40	37,5%		

Porcentaxe de axuda para cada puntuación (proxectos non produtivos)

PROXECTOS NON PRODUCTIVOS PRIORIDADE BAIXA			
Puntuación	% axuda	Puntuación	% axuda
15	25,0%	41	38,0%
16	25,5%	42	38,5%
17	26,0%	43	39,0%
18	26,5%	44	39,5%
19	27,0%	45	40,0%
20	27,5%	46	40,5%
21	28,0%	47	41,0%
22	28,5%	48	41,5%
23	29,0%	49	42,0%
24	29,5%	50	42,5%
25	30,0%	51	43,0%
26	30,5%	52	43,5%
27	31,0%	53	44,0%
28	31,5%	54	44,5%
29	32,0%	55	45,0%
30	32,5%	56	45,5%
31	33,0%	57	46,0%
32	33,5%	58	46,5%
33	34,0%	59	47,0%
34	34,5%	60	47,5%
35	35,0%	61	48,0%
36	35,5%	62	48,5%
37	36,0%	63	49,0%
38	36,5%	64	49,5%
39	37,0%	65	50,0%
40	37,5%		

PROXECTOS NON PRODUCTIVOS PRIORIDADE MEDIA			
Puntuación	% axuda	Puntuación	% axuda
15	45,0%	41	58,0%
16	45,5%	42	58,5%
17	46,0%	43	59,0%
18	46,5%	44	59,5%
19	47,0%	45	60,0%
20	47,5%	46	60,5%
21	48,0%	47	61,0%
22	48,5%	48	61,5%
23	49,0%	49	62,0%
24	49,5%	50	62,5%
25	50,0%	51	63,0%
26	50,5%	52	63,5%

27	51,0%	53	64,0%
28	51,5%	54	64,5%
29	52,0%	55	65,0%
30	52,5%	56	65,5%
31	53,0%	57	66,0%
32	53,5%	58	66,5%
33	54,0%	59	67,0%
34	54,5%	60	67,5%
35	55,0%	61	68,0%
36	55,5%	62	68,5%
37	56,0%	63	69,0%
38	56,5%	64	69,5%
39	57,0%	65	70,0%
40	57,5%		

PROXECTOS NON PRODUCTIVOS PRIORIDADE ALTA			
Puntuación	% axuda	Puntuación	% axuda
15	75,0%	41	88,0%
16	75,5%	42	88,5%
17	76,0%	43	89,0%
18	76,5%	44	89,5%
19	77,0%	45	90,0%
20	77,5%	46	90,5%
21	78,0%	47	91,0%
22	78,5%	48	91,5%
23	79,0%	49	92,0%
24	79,5%	50	92,5%
25	80,0%	51	93,0%
26	80,5%	52	93,5%
27	81,0%	53	94,0%
28	81,5%	54	94,5%
29	82,0%	55	95,0%
30	82,5%	56	95,5%
31	83,0%	57	96,0%
32	83,5%	58	96,5%
33	84,0%	59	97,0%
34	84,5%	60	97,5%
35	85,0%	61	98,0%
36	85,5%	62	98,5%
37	86,0%	63	99,0%
38	86,5%	64	99,5%
39	87,0%	65	100,0%
40	87,5%		

3. MECANISMOS QUE GARANTEN OS PRINCIPIOS DE OBXECTIVIDADE, PUBLICIDADE, IMPARCIALIDADE E LIBRE CONCORRENCIA

Para garantir o principio de obxectividade lógrase mediante a aplicación dos criterios técnicos definidos na baremación dos proxectos e que permiten medir os proxectos.

Para garantir o principio de publicidade establécese un Plan de difusión e comunicación a través do cal se invita a participar a todos os interesados.

Para garantir o principio de imparcialidade o proceso de selección de proxectos está orientado a brindar as mesmas oportunidades e tratamentos a todos, á vez que aos interesados en adherirse ao GDR.

Para garantir o principio de libre concorrência farase a convocatoria de proxectos de forma pública e transparente.

De maneira xeneral, o GDR promoverá a utilización dun linguaxe non sexista en todos os documentos xerados dende o GDR, e promoverá a cultura da igualdade de oportunidades en todas as iniciativas aprobadas.

4. EQUIPO XESTOR E SEDE DO GDR

Equipo Xestor

Contratarase o seguinte persoal técnico do GDR que encaixará nas seguintes tipoloxías:

- Xerente ou máximo responsable do programa. Titulación mínima: diplomatura / enxeñería técnica.
- Técnico. Titulación mínima: diplomatura / enxeñería técnica
- Administrativo. Titulación mínima: bacharelato / FP II

Xerente:

O xerente será o responsable do equipo de traballo e máximo responsable técnico do programa. Entre as súas tarefas estarán as seguintes:

- a) Coordinación do equipo de traballo
- b) Informar e darlle publicidade o programa Leader deseñado para a Costa da Morte

- c) Manter unha comunicación continua cos membros da Xunta directiva e co seu persoal
- d) Manter informado a Agader sobre a evolución do programa, e facilitar toda a información que lle sexa requirida
- e) Revisar as solicitudes analizadas e os informes emitidos polo técnico

Técnico:

As tarefas do técnico serán as seguintes:


- a) Analizar cada unha das solicitudes de subvención e emisión dun informe detallado
- b) Garantir a adecuación dos proxectos aos requirimentos do programa
- c) Controlar a correcta realización dos proxectos
- d) Manter unha comunicación constante co xerente

Administrativo:

As tarefas do administrativo serán:

- a) Colaboración co técnico e xerente na realización de tarefas administrativas.
- b) Control e seguimento das solicitudes recibidas
- c) Emisión de facturas e control de gastos.

ORGANIGRAMA:



Procedemento de contratación

O procedemento de contratación virá definido polo convenio de colaboración que ten que asinar o GDR con Agader, e deberá axustarse ós principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade da convocatoria.

O proceso selectivo contará entre outros: cunha proba escrita sobre cuestións relacionadas co desenvolvemento rural, unha entrevista, cun límite do 25% da puntuación máxima do proceso selectivo, e a valoración da experiencia en materia de desenvolvemento rural, cun límite do 25% da puntuación máxima do proceso selectivo.

A selección das entidades que poidan prestar unha asistencia técnica será realizada por entidades segundo o principio de publicidade, concorrencia e obxectividade. Os principios de publicidade e concorrencia materializaranse na publicación de anuncios en medios de comunicación e na concesión dun prazo mínimo de 10 días para a presentación de ofertas.

SEDE GDR

Logo de analizar varias opcións nos diferentes concellos para elixir o local de reunións do GDR, aínda non foi posible atopar ningún local apropiado para as reunións.

Permanentemente decidiuse utilizar o consistorio de Cee para a realización das reunións, na espera de atopar un local máis apropiado.

Este local é temporal, polo que se abrirá un período onde os Concellos proporán locais. Estas propostas levaranse a Xunta directiva e votarase para elixir a opción máis axeitada.

5.PLAN DE DIFUSIÓN

PLAN DE COMUNICACIÓN

Un dos grandes retos de accións dinamizadoras como os proxectos Leader é o da comunicación e divulgación. Tendo en conta as singularidades socioeconómicas do territorio, o fluxo de información atopa moitos obstáculos que chegan a impedir a transmisión de información clara aos cidadáns.

Aínda que os medios de comunicación xogan un papel estratéxico no plano divulgativo, hai que subliñar que non chegan a todos os cidadáns. Por elo, neste proxecto preténdese facer un esforzo de comunicación que chegue a toda a cidadanía empregando para elo diferentes ferramentas adaptándoas aos diferentes perfís sociais. Con este plan de comunicación o que se busca é obter os mellores resultados do GDR 26, a dinamización da sociedade e a accesibilidade do cidadán ás oportunidades que brindan os fondos Leader 2007-2013 baixo o criterio de máxima transparencia informativa.

Táboa 51: Análise DAFO do plan de difusión

DEBILIDADES	AMEAZAS
-Descoñecemento das posibilidades reais dos fondos europeos e os programas de desenvolvemento -Pouca difusión deste tipo de iniciativas entre a poboación local -Descoñecemento das posibilidades e oportunidades do entorno máis próximo -Abarca unha superficie moi ampla (10 Concellos) e carecen dunha sede central definida -Diferenzas entre as vilas do interior e a costa na explotación dos recursos -Zona con baixa cobertura de telefonía e Internet (banda ancha) –Brecha dixital- -Falta de información de cara ao visitante: feble comunicación en varios idiomas na divulgación do turismo, patrimonio, produtos, actividades... -Formación profesional mal orientada na comarca: falta de ciclos específicos sobre actividades mariñas, gandeiras, turísticas, forestais... polo que se descoñece a potencialidade das actividades -Ausencia de accións de márketing para a promoción dos produtos da zona -Abandono das feiras de produto. Non ten en conta os novos hábitos de consumo e non fai promoción da calidade e a orixe dos produtos frescos -Presenza mínima da industria adicada ao proceso da materia prima ou elaborados -Número de asociacións existentes na zona -Fondas dificultades para favorecer a conciliación da vida familiar e laboral, a integración da muller no mercado laboral e na empresa -Illamento e discriminación das persoas con discapacidade	-A actual crise económica -Recesión da cultura emprendedora entre a mocidade -O éxodo do rural ás cidades -Falta de coñecemento sobre as oportunidades de desenvolvemento que chegan da Unión Europea -A crise permanente no sector gandeiro e pesqueiro -Pouca predisposición da xente do rural ao cambio -A poboación non aproveita as axudas deste tipo de entidades, principalmente por descoñecemento -Pouca formación e profesionalización en actividades específicas do rural (agricultura, gandería, albanelería, turismo...) -Mala comunicación de experiencias anteriores con fondos europeos na zona -Ausencia de criterios técnicos en moitas iniciativas -Abandono de conxuntos etnográficos (muiños, hórreos, casas de labranza, embarcacións tradicionais...) -Abuso do formigón e falta de criterios arquitectónicos na construción civil adoptando modelos que non se axeitan ao entorno

FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
-Forte presenza do sector primario no tecido económico (gandería no interior e pesca no exterior) -Permite conservar o patrimonio natural e cultural das dúas comarcas que abarca -Gran cantidade de espazos naturais singulares e atractivos -Avance nas melloras das vías de comunicación dende as capitais de provincia a esta zona da Costa da Morte -Auxe de páxinas web e “blogs” que informan sobre a zona e presenza de varios medios de comunicación con sede ou delegacións no territorio -Impacto positivo da experiencia de Mar de Lira en Carnota con apoio de fondos europeos -Existencia de experiencia en anteriores plans Leader (Neria) -Novos parques empresariais -Fortalecemento da denominación Costa da Morte como marca e identidade definida -Número de asociacións existentes na zona	-Inversións en Desenvolvemento Rural -Axudas á mellora da calidade de vida, innovación, desenvolvemento sostible, diversificación e apoio ao emprendedor -Impulso das novas tecnoloxías -Potenciar a formación en sectores presentes na zona -Servizos sociais -Posibilidade de oportunidades de negocio -Crecemento do Turismo, diversificación de oferta de ocio -Mellora dos servizos de restauración -Aproveitamento da singularidade do Finisterrae europeo. Actividades na “Fin da Terra”. -Remate da ruta do Camiño Xacobeo en Fisterra e Muxía -Importante patrimonio cultural, etnográfico, megalítico e natural -Patrimonio inmaterial: lendas e tradicións -Exemplos de desenvolvemento na zona en torno á produción artesán (Encaixe de Camariñas)

Elaboración propia

OBXECTIVOS DO PLAN DE COMUNICACIÓN

PRINCIPAL

- Dar a coñecer o GDR-26, o Programa Leader e as axudas que presta, así como divulgar os logros e avances que se produzan ao abeiro desta iniciativa

ESPECÍFICOS

- Levar a cabo accións informativas e de publicidade.
- Divulgar os beneficios do Programa Leader.
- Sensibilizar á poboación (consumidores e produtores) por un consumo responsable.
- Mellorar a comunicación e a interacción entre os distintos grupos de persoas implicadas no GDR-26.

- Conseguir que os expertos neste campo compartan os seus coñecementos
- Divulgar a posta en valor dos recursos.
- Promoción das “feiras” como escaparate comercial dos produtos da zona.
- Deseño dun plan de márketing e accións promocionais de cara aos produtos de calidade da zona contemplando accións directas de “punto de venta”.

ACCIÓNS PROPOSTAS

1. Gabinete de xestión de información

Constituirase un Gabinete de prensa: permitirá manter actualizada toda a información, redactar e xestionar todas estas accións de comunicación, facilitando a relación cos medios. Realizarase un dossier de prensa consecuencia dun clipping diario en medios impresos e de internet.

2. Organización dun Congreso de Presentación.

Estará dirixido aos informadores e aos axentes locais. Realizarase nun local habilitado para o efecto (con elementos publicitarios), estarán presentes personalidades da zona, representantes do GDR-26, expertos no eido do desenvolvemento rural e calquera outra entidade relacionada co fortalecemento da zona.

3. Páxina web

Deseño dunha páxina web específica para o GDR-26: a interactividade ten que ser un elemento clave e a información ten que ser o máis veraz posible. Apostamos por unha páxina clara, actualizada permanentemente, con documentos informativos que a xente poida consultar e descargar. Cada unha das páxinas web dos Concellos incluídos no GDR-26, contará cun link a esta web.

4. Material Divulgativo

Deseñarase un folleto e un cartel informativos co fin de dar a coñecer o GDR-26 e os programas e campañas que levan a cabo. O folleto irá acompañado dun CD, de forma que permita un mellor almacenamento da información.

Distribuíranse entre o target e diversas entidades da zona que poidan estar relacionadas dunha maneira ou doutra con ese público. Tamén poderán realizarse envíos puntuais que afiancen esa información.

Este material estará presente en formato pdf na páxina web para que calquera que queira o poida consultar e descargar.

5. Documental

Realización dun vídeo documental: será un vídeo informativo que afondará nas posibilidades de desenvolvemento das comarcas de Soneira e Fisterra, estará composto por reportaxes e opinións de expertos, así como por imaxes que apoién dita información. Tamén servirá para poñer en valor os recursos da zona.

Este vídeo presentarse en formato DVD coa posibilidade de engadilo á páxina web. Durante o Congreso farase unha proxección do mesmo, distribuirase entre as entidades da zona e os Concellos implicados, estará presente nas accións divulgativas do GDR 26.

6. Exposición Itinerante

Creación dunha exposición itinerante centrada nas características do GDR, as oportunidades e cun punto de atención ao cidadán. Contará con paneis gráficos que divulgarán as liñas estratéxicas do Leader-GDR 26 e as propostas da candidatura. Esta exposición poderá ir acompañada de charlas para o fomento da cultura emprendedora, o medio ambiente, a mellora da calidade de vida e, en definitiva, os aspectos que se recollen no proxecto. A mostra tamén contará coa presenza dunha persoa que se encargue de guiar a visita, asesorar ao cidadán e dinamizar a actividade.

Esta exposición visitará todos e cada un dos concellos adscritos ao GDR, onde permanecerá durante un tempo que permita que tanto o tecido asociativo coma os veciños do municipio podan ter acceso a ela. Trátase dun dos elementos divulgativos máis próximos ao cidadán.

7. Campañas divulgativas específicas

Realización de campañas divulgativas específicas: estas campañas axudarán a afianzar o propósito da entidade en accións vinculadas a actividades especiais das distintas iniciativas lanzadas dende o GDR.

- Campañas de fomento da prevención de riscos laborais no sector forestal.
- Campañas de promoción dos produtos da zona.
- Campañas de divulgación de roteiros de sendeirismo.

- Edición dunha guía de recursos.
- Campañas de dinamización da cultura emprendedora entre a mocidade.
- Iniciativas para favorecer a igualdade de oportunidades home/muller.
- Campañas para o fomento das TIC's.

Todas estas campañas levan parello a edición de material publicitario e promocional (folletos, carteis, paneis, merchandaising, postais, anuncios en prensa...)

8. Campaña de promoción das “feiras”

As feiras constitúen un elemento mercantil importante. É importante que a xente acuda a este tipo de mercado tradicional e que compre os produtos da zona, ao mesmo tempo que saiban o que compran.

En días puntuais, nas distintas feiras que se fagan na zona haberá un stand informativo que apoie este labor. Pódense deseñar feiras dedicadas aos produtos segundo a época do ano e os mellores momentos para o seu consumo.

Elaborarase unha guía de feiras, na que aparezan mapas, un calendario das mesmas, os días no que se celebra en cada un dos Concellos integrantes do GDR-26, tipo de produtos á venda. Cómpre facer que as feiras se convertan nun elemento distintivo e singular de cada zona. Incluirá imaxes de produtos típicos e fichas alimenticias dos mesmos con información nutricional e incluso se poderán incluír receitas.

9. Publicidade en Medios

- É necesario planificar o gasto publicitario e determinar as mensaxes que se lanzarán a través de campañas en medios de comunicación locais e, segundo o obxectivo que se persiga facer promoción alén do territorio GDR 26 (turismo, produtos da zona...). Os impactos en xornais, portais web, emisoras de radio etc son interesantes de cara a apoiar as campañas que se leven a cabo.
- Publicidade en bus: rotularanse integralmente varios buses que fan a liña por todos eses municipios.
- Vallas: localizaranse nestas zonas vallas publicitarias nas que poder inserir información sobre o GDR-26 e as súas axudas.

10. Publicación dun boletín de noticias

- Edición e impresión dun boletín de noticias cunha periodicidade por determinar, no que se informe das distintas convocatorias, datos de interese, resultados de reunións e xestións e no que tamén se informe dos logros que se van acadando grazas ao plan de acción do GDR26.

Este documento tamén estará presentado en formato electrónico –PDF-, aínda que tendo en conta as dificultades existentes para o acceso a internet, tamén se imprimirá en papel para superar a barreira que supón a baixa presenza das TIC's en determinados sectores da poboación. O obxectivo é o de favorecer unha comunicación eficaz e próxima ao cidadán.

11. Publicación dunha memoria anual

Esta memoria servirá para facer un balance de todas as accións e estudar os resultados obtidos durante ese ano. Ademais da información técnica e estatística terá unha vertente divulgativa. Esta memoria será de acceso público.

12. Imaxe corporativa

Un gabinete de deseño encargarse de definir as liñas gráficas, logotipos, tipografías e distintas aplicacións e presentacións do GDR26. Facilitará unha imaxe sólida ante a opinión pública e sinxela de identificar, contribuíndo a unha maior proximidade co cidadán. Ademais traballará na elaboración dos elementos gráficos que precise o global do proxecto do GDR 26.

6. OUTROS ASPECTOS

Non aplica.

1.PLAN FINANCEIRO

A continuación axúntanse as fichas de actuación por medida:

- Medida 4.1.1. Dinamización do sector agrario e forestal (Anexo IIA)
- Medida 4.1.2. Mellora medioambiental e de contorno rural (Anexo IIB)
- Medida 4.1.3. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida (Anexo IIC)
- Plan financeiro. (Anexo IV)

O GDR está interesado e acolle todas as tipoloxías de operacións descritas nas bases da convocatoria do programa Leader de data 30 de maio de 2008, aínda que se van a priorizar as expostas no presente Plan, e enmarcadas nas medidas incluídas neste apartado.

No Plan financeiro preséntanse unhas porcentaxes de participación no orzamento global da estratexia que responde a:

Medida 4.1.1: 27,2%

Medida 4.1.2: 5,2%

Medida 4.1.3: 67,7%

Estas porcentaxes varían lixeiramente respecto ó indicado na convocatoria que son as seguintes:

Medida 4.1.1: 25%

Medida 4.1.2: 5%

Medida 4.1.3: 70%

Isto é debido a que o territorio da Costa da Morte precisa de máis actuacións encaixadas nas medidas 4.1.1 e 4.1.2, dadas as súas características, e así o ve o GDR.

PLAN DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO GDR "COSTA DA MORTE"

ANEXO II PROGRAMA LEADER GALICIA 2007-2013 PLAN FINANCIERO

GDR: 26 Asociación Costa da Morte

Importes en Euros

MEDIDA	TIPO PROXECTOS	GASTO PÚBLICO DO PROGRAMA						
		2008	2009	2010	2011	2012	2013	TOTAL
411. Dinamización do sector agrario e forestal	Produtivos	73.300,08	143.182,11	144.185,84	150.424,35	149.452,38	148.075,69	808.620,46
412. Mellora medioambiental e do contorno rural	Non produtivos	14.064,96	27.474,06	27.666,66	28.863,71	28.677,21	28.413,05	155.159,64
413. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida	Produtivos	116.035,91	226.660,98	228.249,91	238.125,64	236.586,98	234.407,64	1.280.067,07
	Non produtivos	67.079,04	131.030,12	131.948,67	137.657,71	136.768,23	135.508,38	739.992,15
	TOTAL	183.114,95	357.691,11	360.198,58	375.783,35	373.355,22	369.916,02	2.020.059,22
TOTAL ESTRATEXIA	Produtivos	189.335,99	369.843,09	372.435,75	388.549,99	386.039,37	382.483,33	2.088.687,52
	Non produtivos	81.144,00	158.504,18	159.615,32	166.521,42	165.445,44	163.921,43	895.151,80
	TOTAL	270.479,98	528.347,27	532.051,08	555.071,41	551.484,81	546.404,76	2.983.839,32
431 Gastos de funcionamento do GDR, adquisición de capacidades e promoción territorial	Funcionamento (1)	43.276,80	84.535,56	85.128,17	88.811,43	88.237,57	87.424,76	477.414,29
	Promoción	10.819,20	21.133,89	21.282,04	22.202,86	22.059,39	21.856,19	119.353,57
	TOTAL	54.096,00	105.669,45	106.410,22	111.014,28	110.296,96	109.280,95	596.767,86
TOTAL PROGRAMA		324.575,98	634.016,73	638.461,29	666.085,69	661.781,77	655.685,72	3.580.607,19
							FEADER	2.060.997,50
							AXE	766.932,12
							XUNTA	752.677,56

(1) A submedida 431A aparece cunha dotación prevista máxima equivalente ao 16% dos fondos destinados á estratexia. Nas anualidades 2008 e 2009 o GDR disporá do total da dotación prevista. Segundo se recolle no capítulo VII das bases reguladoras de selección de programas, para as anualidades 2010 a 2013 a dispoñibilidade inicial do GDR terá un importe equivalente ao 12% dos fondos da estratexia e en función do proceso de avaliación do traballo do grupo poderá autorizarse unha porcentaxe superior ao 12% inicialmente previsto, sempre co tope do 16%